



# O sector audiovisual en Galicia 2023

DOI: 10.17075/sag.2023

## 1. Introducción e metodoloxía

A industria audiovisual, que engloba para este informe o cine, a televisión e o vídeo, é un sector económico importante e un dos principais da cultura en Galicia. Nesta última década experimentou cambios profundos e diversos, derivados de grandes transformacións como a transición dixital e os novos xeitos na forma en que se financian, distribúen e consomen contidos, pero tamén de fenómenos globais externos, como a pandemia da COVID-19.



O aumento do consumo dixital de contidos audiovisuais, debido ás situacións anteriormente mencionadas, foi o principal polo acelerador de crecemento. A necesidade de diversificar tanto a forma como os diversos tipos de contidos producidos, xunto coa integración intensiva das redes de banda larga e de dispositivos dixitais que son capaces de reproducir produtos audiovisuais en calquera espazo, tanto dentro como fóra do fogar, provocou en apenas uns poucos anos un proceso de innovación acelerada no sector. Ademais, a poboación actual é cada vez máis demandante e consumidora deste tipo de contidos, o cal esixe personalización, rapidez, calidade e dispoñibilidade. O consumidor vén deixando de lado o seu papel pasivo de décadas pasadas e convértese pouco e pouco nun actor máis no proceso de creación, produción e exhibición dos contidos audiovisuais.

En cuestións económicas, o sector está en plena expansión, cun crecemento renovado tras a crise sanitaria de 2020 e 2021, pero aínda non completamente recuperado en todos os seus ámbitos. A este proceso de recuperación hai que engadir novas ameazas externas, derivadas en gran medida dos contextos socioeconómicos globais, e tamén internas, por exemplo a excesiva globalización e concentración da produción audiovisual.

A pesar das dificultades, o sector audiovisual está a consolidarse como motor de desenvolvemento estratéxico e cultural do país. Para potenciar este proceso, tanto a Administración pública como outros organismos e entidades da industria audiovisual establecen mecanismos que permitan fomentar e promover a creación e produción galegas no mercado nacional e internacional. Xa que logo, aspectos como o apoio fiscal e normativo favorables para atraer investimentos, a fixación da actividade e do emprego, a potencia creadora de Galicia materializada no seu capital humano, o aumento da profesionalización e as políticas públicas favorables están a servir para incrementar a competitividade da industria audiovisual en Galicia, así como a súa internacionalización.

### **1.1 Antecedentes**

Ao longo destes últimos anos, o Observatorio da Cultura Galega presentou varios informes específicos sobre a actividade cinematográfica e audiovisual en Galicia. En novembro de 2013<sup>1</sup> publicábase *O cine en Galicia*, unha

---

<sup>1</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2013\\_Cine-en-Galicia.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2013_Cine-en-Galicia.pdf)



análise dos indicadores máis significativos da actividade cinematográfica en Galicia, como a produción, exhibición, distribución, infraestrutura, recadación ou difusión, entre outros, cuxa principal fonte de información foi a Estadística de Cinematografía elaborada polo Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales (ICAA). Os resultados, enmarcados nun contexto de profunda crise económica, indicaban un forte descenso do número de espectadores de películas españolas e estranxeiras, tanto en Galicia como no conxunto de España, ademais da importante caída da recadación. Con respecto á produción, nese ano había en Galicia 18 produtoras cinematográficas, e en canto á exhibición, había 38 cines, aínda que se perderan 95 salas. O único dato positivo era o incremento de afiliacións á Seguridade Social nas actividades cinematográficas.

O segundo informe conxuntural, titulado *O cine en Galicia en 2014*<sup>2</sup> (publicado en outubro de 2015), contextualizaba os resultados dentro do marco territorial do Estado, en comparación co resto das comunidades autónomas, e centraba o estudo nun período temporal concreto: o quinquenio 2010-2014, ao tempo que incluía cifras sobre datos de hábitos e prácticas culturais referidos ao cine. Os resultados indicaban unha leve melloría nos indicadores da actividade cinematográfica con respecto a 2013, tanto na cifra de espectadores como de recadación. Con respecto aos hábitos culturais referidos á asistencia ao cine, constatouse que máis da metade da poboación galega non ía ao cine e que alegaba como motivos principais o prezo elevado, a falta de tempo e o desinterese, aínda que se puido comprobar que a influencia da contorna familiar era determinante á hora de adquirir o hábito de asistir ao cine.

*O cine en Galicia en 2016*<sup>3</sup> (publicado en setembro de 2017) é o último desta serie de informes. Nel reafirmábase a tendencia á alza nos indicadores de público e recadación, aínda que de forma máis moderada. Ademais, tamén se constataba o aumento do número de cines, coa apertura de catro establecementos con nove salas de exhibición máis. En canto á produción, recollíase a perda de sete empresas produtoras con respecto a 2013.

---

<sup>2</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2015\\_O-cine-en-Galicia-en-2014.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2015_O-cine-en-Galicia-en-2014.pdf)

<sup>3</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2017\\_O-cine-en-Galicia-en-2016.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2017_O-cine-en-Galicia-en-2016.pdf)

.....

Hai que salientar a investigación levada a cabo en 2019 sobre a realidade laboral das mulleres, titulada *A situación das traballadoras dos sectores audiovisual e das artes escénicas en Galicia*<sup>4</sup>. Os resultados deste traballo constataban a existencia de desigualdades no acceso ao mercado de traballo, así como diferenzas salariais entre mulleres e homes en ambos os dous sectores.

O contido dese informe nítrese da Mostra Continua de Vidas Laborais, da que se extrae unha selección de profesionais que traballaron en actividades relacionadas co sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia. Nel amósase como a presenza de mulleres nestes dous ámbitos é minoritaria en relación coa dos homes, un 42% fronte a un 58%. Na análise da evolución da incorporación da muller ás actividades audiovisuais e artísticas descóbrese que, na primeira década do século XXI, a chegada das mulleres superaba a dos homes, mentres que na segunda década a incorporación ao sector audiovisual foi parella. No que se refire á traxectoria dos e das profesionais dos sectores audiovisual e das artes escénicas, as diferenzas por sexo indican que a proporción de mulleres é menor que a dos homes nos casos en que o tempo de experiencia é maior, mentres que, nos casos en que a experiencia é menor, a proporción sobe. En cambio, no relativo á formación, as mulleres tenden a posuír unha traxectoria máis estendida que os homes, cunha presenza máis elevada das que posúen estudos superiores, malia que ascenden de posto en menor medida e reciben menos ingresos.

Ademais destes estudos monográficos, as referencias ao sector audiovisual e ás actividades vinculadas a este son frecuentes noutros documentos de traballo máis xenéricos realizados polo Observatorio da Cultura Galega, con apartados dedicados a este campo en concreto, como por exemplo as diferentes conxunturas estatísticas do ámbito cultural<sup>5</sup>.

---

<sup>4</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2019\\_A-situacion-das-traballadoras-dos-sectores-audiovisual-e-das-artes-escenicas-en-Galicia.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2019_A-situacion-das-traballadoras-dos-sectores-audiovisual-e-das-artes-escenicas-en-Galicia.pdf)

<sup>5</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2021\\_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Novembro-de-2021.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Novembro-de-2021.pdf)

[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2022\\_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Maio-de-2022.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2022_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Maio-de-2022.pdf)

[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2022\\_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Outubro-de-2022.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2022_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Outubro-de-2022.pdf)

.....

O mesmo sucede co documento *Hábitos e prácticas culturais*<sup>6</sup> presentado en febreiro deste ano 2023, que inclúe un capítulo relativo ao cine e ao audiovisual e mais unha análise sobre o emprego en actividades cinematográficas, de vídeo, radio e televisión, ou o informe conmemorativo do 40º aniversario do Consello da Cultura Galega, publicado no mes de xullo de 2023<sup>7</sup>, que ofrece unha panorámica da evolución da cultura galega dende o inicio da existencia desta institución.

Para rematar, hai que salientar os achados do *Barómetro da cultura galega 2023*<sup>8</sup>, publicado en abril deste ano. Este traballo mostraba que as entidades do ámbito audiovisual e das actividades relacionadas con este se atopaban entre as máis optimistas en canto ás perspectivas do contexto económico xeral e do seu propio sector. Outras das fortalezas atopábanse nos investimentos realizados, nos avances en materia de dixitalización e nas accións orientadas á internacionalización.

## 1.2 Obxectivos e notas metodolóxicas

Este informe ten como obxectivo analizar, a partir das bases estatísticas e outras fontes documentais dispoñibles, a realidade actual do sector da industria cultural e creativa audiovisual en Galicia, o seu impacto no noso territorio e a evolución dos seus diferentes ámbitos ao longo dos últimos dez anos.

Para a obtención desta información, o informe nútrese de moi diversas fontes estatísticas e documentais, entre as que destacan:

- **Fontes oficiais.** A explotación estatística de primeiro nivel parte de datos recollidos por administracións, organismos oficiais e centros de estatística, como o Instituto Nacional de Estadística (INE), o Ministerio de Cultura y Deporte etc.
- **Bases de datos.** Accedeuse a fontes estatísticas secundarias, tanto públicas como privadas, como por exemplo Eurostat SBS, a base de

---

<sup>6</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_Habitos-e-practicas-culturais.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_Habitos-e-practicas-culturais.pdf)

<sup>7</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_40%20anos-de-cultura-galega-en-estadisticas.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_40%20anos-de-cultura-galega-en-estadisticas.pdf)

<sup>8</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_Barometro-da-cultura-galega-2023.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_Barometro-da-cultura-galega-2023.pdf)



datos empresarial Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI) etc.

- **Asociacións e entidades sen ánimo de lucro.** A existencia de certas limitacións para atopar datos estatísticos completos nalgúns segmentos do sector audiovisual fixo necesario acceder a fontes de entidades diversas, como A Mesa pola Normalización Lingüística ou a Asociación Iniciativa Cidadá para a Busca da Calidade nos Medios de Comunicación de Galicia (CMEDIA Galicia).
- **Consultoras e empresas especializadas.** Utilizáronse algúns expedientes e informes realizados por consultoras especialistas no sector (PWC, Kantar, Barlovento...).
- **Informes e estudos doutras entidades,** como a Comisión Europea, o Observatorio Europeo do Audiovisual (EAO), o Ministerio de Cultura y Deporte etc.

Por capítulos, o informe inicia a súa análise cun capítulo 2 dedicado a estudar os datos de emprego nos ámbitos das actividades cinematográficas e do audiovisual, para o cal a principal fonte empregada foi a referida ás afiliacións á Seguridade Social, datos proporcionados polo INE. O ámbito sectorial dos resultados que se analizan engloba as seguintes divisións da CNAE-2009, cun nivel de desagregación de ata catro cifras, aínda que nalgúns estatísticas o nivel de desagregación non é tan detallado (tan só dúas ou tres cifras):

5912 – Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión.

Esta división comprende as actividades de posproducción como a edición, a transferencia de películas/cintas, a edición de texto, os subtítulos, os créditos, os subtítulos ocultos, os gráficos xerados por computador, a animación e os efectos especiais, a positivación e o revelado de películas de celuloide, as actividades dos laboratorios de películas de celuloide e as actividades dos laboratorios especializados en películas de debuxos animados.

5914 – Actividades de exhibición cinematográfica.

Comprende as actividades de proxección de películas ou vídeos en salas cinematográficas, ao aire libre ou noutras salas de proxección, así como tamén as actividades dos cineclubs.

- .....
- 5915 – Actividades de producción cinematográfica e vídeo.  
Esta epígrafe engloba tanto a producción cinematográfica e de vídeo como a producción de películas para televisión.
- 5916 – Actividades de producción de programas de televisión.  
O código describe as actividades de producción de programas de televisión (series, documentais etc.), así como tamén de anuncios publicitarios para a televisión.
- 5917 – Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo.  
A epígrafe comprende a distribución de películas cinematográficas de celuloide, cintas de vídeo, DVD e produtos similares; as salas de proxección; cadeas e canles de televisión, e empresas de exhibición. Tamén se inclúe a adquisición dos dereitos de distribución das películas de celuloide, as cintas de vídeo e os DVD.
- 5918 – Actividades de distribución de programas de televisión.  
Como se indica, inclúe a distribución de programas a cadeas e canles de televisión.
- 6020 – Actividades de programación e emisión de televisión.  
Comprende a creación do programa completo dunha cadea de televisión, dende a compra de compoñentes do programa (películas, documentais etc.) ata a producción propia de compoñentes (noticias locais, reportaxes en directo...) ou unha combinación das dúas opcións. A programación das canles de vídeo baixo demanda está incluída, así como a distribución de datos integrada coa difusión de televisión.

No capítulo 3 analízanse os datos extraídos da *Estadística estructural de empresas del sector servicios* que realiza o INE anualmente, cuxos datos máis recentes son de 2021. Algunhas variables analízanse por comunidades autónomas, aínda que só se permite unha desagregación de dous díxitos da CNAE-2009 (incluídas as actividades de gravación de son e de edición musical e as actividades de emisión e programación de radio). En concreto, aborda os seguintes indicadores:

- Número de locais: unidade produtiva situada nun lugar xeograficamente delimitado (fábrica, almacén, oficina...) no que os traballadores por conta dunha empresa realizan actividades económicas.





- Cifra de negocios: importes facturados pola empresa durante o ano de referencia polas vendas de bens e servizos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, contabilizados en termos netos.
- Inversión en activos materiais: importe dos incrementos de valor que se producen nos diferentes tipos de activos materiais, que teñan a orixe en compras de bens novos ou usados a terceiros, en produción propia de activos ou en traballos realizados pola empresa sobre elementos xa existentes co obxecto de aumentar a súa capacidade produtiva, rendibilidade ou vida útil.

Como fonte complementaria de datos estatísticos, realizouse unha extracción de SABI, unha base de datos de análise financeira das principais empresas españolas que presentan as súas contas nos rexistros mercantís. Na actualidade subministra balances de máis de 2,9 millóns de empresas españolas e 900.000 empresas portuguesas, así como datos cualitativos sobre estas.

O capítulo 4 aborda a evolución da produción de películas en Galicia, tanto longametraxes como curtametraxes, no período 2013-2022. Para obter os datos, ademais dalgunhas extraccións directas de estatísticas do Ministerio de Cultura y Deporte, fíxose unha explotación pormenorizada da base de datos do *Catálogo de Películas Calificadas* realizado polo ICAA do Ministerio de Cultura y Deporte. Para a elaboración deste apartado incluíronse datos sobre as producións e coproducións cinematográficas galegas tendo en conta tres criterios:

- Aquelas producións cinematográficas galegas que foron elaboradas na súa totalidade por empresas que teñen a súa sede social en Galicia.
- Aquelas que foron producidas ou coproducidas por empresas galegas e doutras comunidades autónomas ou doutros países con distintas porcentaxes de participación.
- Outras producións cinematográficas non participadas por empresas produtoras galegas pero que están rodadas en lingua galega.

Algunhas das variables que se tiveron en conta á hora de analizar as producións e coproducións cinematográficas galegas foron: xénero, lingua, empresas produtoras, espectadores, recadación etc. Por último, analizáronse



.....

as películas máis vistas realizadas por empresas produtoras galegas e cuxa versión orixinal é en lingua galega.

Para o capítulo 5, dedicado á exhibición e distribución de películas, recolléronse os principais indicadores da actividade cinematográfica da *Estadística de Cinematografía: Producción, Exhibición, Distribución y Fomento* do Plan Estadístico Nacional, desenvolvida polo ICAA. A información que se describe está relacionada coa produción, distribución, recadación, número de espectadores, gasto e festivais no ámbito do cine. Sumóuselle a este capítulo información sobre espectadores e recadación das producións galegas, extraída da explotación da base de datos do *Catálogo de Películas Calificadas* do ICAA.

Para o capítulo 6, dedicado á televisión, foi necesario acceder a diversas fontes documentais, como o informe da Comisión Europea titulado *The European Media Industry Outlook*, a consultora Barlovento para a desagregación de datos de audiencia en Galicia, a memoria da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) que contiña datos da consultora Kantar Media, varios informes do Observatorio Audiovisual Europeo (EAO) para diversas estatísticas sobre plataformas de subscrición, o informe *Consumo audiovisual en Galicia 2023* da entidade ICMEDIA Galicia e por, último, o *Informe Xabarín 2023* da Mesa pola Normalización Lingüística, sobre a penetración da lingua galega nos títulos das principais plataformas OTT.

Os datos de subvencións do capítulo 7 foron extraídos directamente da páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e dan conta do número de proxectos subvencionados, as súas contías e distribución, etc.

Finalmente, no capítulo 8 inclúense datos de hábitos e prácticas culturais referidos ao ámbito do audiovisual extraídos da enquisa elaborada polo Ministerio de Cultura y Deporte cada catro anos. Esta enquisa vai dirixida a persoas de quince anos en diante e a súa finalidade principal é obter indicadores relativos aos hábitos e prácticas culturais da poboación española. Incorpora información sobre a forma de adquirir determinados produtos culturais suxeitos a dereitos de propiedade intelectual. O deseño da mostra de enquisa realizouse en colaboración co INE.


## 2. Empleo

Segundo os datos da Seguridade Social, en xuño de 2023 había un total de 2.610 persoas ocupadas no sector audiovisual en Galicia, o que supón un 4,2% das 61.583 persoas ocupadas no conxunto de España para o mesmo período.

Das persoas ocupadas no sector audiovisual en Galicia, a maior parte desenvolve o seu labor en actividades de produción cinematográfica e de vídeo (clase 5915 da CNAE-2009), o que representa un 41,2% do total, e tamén en actividades de programación e emisión de televisión (clase 6020 da CNAE-2009), cun 37,1%, debido, neste caso, ao peso que supón a produción audiovisual da Televisión de Galicia (TVG).

A bastante distancia atópase o emprego relacionado coa exhibición cinematográfica (10,2%), a produción de programas para televisión e a pos-produción audiovisual (5%), e os empregos relacionados coa distribución, con apenas un 1,3% do total.

**Emplego do sector audiovisual en Galicia, por ámbitos (2023)**




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

A distribución no conxunto de España por actividades é bastante similar, agás nas actividades relacionadas co ámbito da televisión: a cifra de persoas que desenvolven o seu traballo no eido da programación e emisión de televisión cae a menos da metade, mentres que o número de persoas que realizan actividades de produción de programas de televisión sobe ata un 17%.

Por outra banda, se se compara esta distribución da ocupación co resto de Europa, que en 2020 tiña preto de medio millón de persoas traballando no sector audiovisual, apréciase tamén unha repartición similar, con leves diferenzas no que respecta ao peso máis elevado do ámbito televisivo en Galicia, así como o escaso peso da posprodución ou da distribución con respecto á media europea.

**Distribución do emprego do sector audiovisual (2023)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística e Eurostat SBS

Practicamente oito de cada dez persoas ocupadas no sector audiovisual pertencen ao réxime xeral, mentres que un 22% son autónomas, case na mesma proporción que no Estado español. Non obstante, esta proporción non se dá por igual en todos os ámbitos do sector: por unha banda, en Ga-

licia un 99% das persoas ocupadas na programación e emisión de televisión e un 96% das que traballan en exhibición cinematográfica figuran no réxime xeral, mentres que tanto no ámbito da posproducción como no da distribución cinematográfica e de vídeo as persoas autónomas supoñen case dúas de cada tres persoas ocupadas. No caso de España, estes dous últimos ámbitos están na súa maioría ocupados por persoas no réxime xeral.


#### Distribución do emprego do sector audiovisual. España-Galicia (2023)

	España	Galicia	% G/E	% Xeral/Aut. Galicia
Posproducción audiovisual	5.184	136	2,62	35,3 / 64,7
Exhibición cinematográfica	6.272	266	4,24	95,9 / 4,1
Producción de cine/vídeo	27.690	1.074	3,88	61,7 / 38,3
Producción de programas de TV	10.666	131	1,23	76,3 / 23,7
Distribución de cine/vídeo	1.540	34	2,21	35,3 / 64,7
Distribución de programas de TV	322	1	0,31	0,0 / 100,0
Programación/emisión de TV	9.909	968	9,77	99,1 / 0,9
Total	61.583	2.610	4,24	78,1 / 21,9

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Por último, cabe sinalar que as persoas que traballan en Galicia en actividades relacionadas coa programación e emisión de televisión supoñen case un 10% do total das ocupadas nas mesmas actividades en España. A moita distancia estarían as que traballan no ámbito da exhibición cinematográfica (4,2%). Por debaixo da media sitúanse o resto de ámbitos de produción e distribución audiovisual, o cal indica a concentración profesional destes sectores en comunidades como Madrid e Cataluña, principalmente.

#### Evolución do emprego do sector audiovisual. España-Galicia (2012-2023)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

A evolución temporal mostra que na última década existe unha tendencia alcista no número de persoas ocupadas no sector audiovisual, tanto en Galicia como en España. Mentres que en 2012 en Galicia se rexistraban menos de 2.000 persoas ocupadas, a partir de 2015 está cifra xa se sitúa na contorna das 2.200 e mantense estancada ata 2021, cando se produce unha nova subida ata superar actualmente (xuño de 2023) as 2.600 persoas.

O peso da ocupación en Galicia con respecto ao conxunto do Estado foi aumentando ata 2015, con case un 6% do total de persoas ocupadas, pero produciuse unha lenta diminución da súa proporción ata 2023, cunha perda de preto dun terzo do seu peso, o que supón actualmente un 4,24% de total de persoas ocupadas no sector en España.

#### **Evolución do emprego do sector audiovisual en Galicia (2021-2022)**


	2021	2022	Variación
Posproducción audiovisual	92	111	+20,7%
Exhibición cinematográfica	284	297	+4,6%
Producción de cine/vídeo	825	932	+13,0%
Producción de programas de TV	129	134	+3,9%
Distribución de cine/vídeo	29	31	+6,9%
Distribución de programas de TV	1	1	=
Programación/emisión de TV	936	969	+3,5%
<b>Total</b>	<b>2.296</b>	<b>2.475</b>	<b>+7,8%</b>

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto á evolución dos distintos ámbitos, e se se consideran datos comparables a 31 de decembro de 2021 e 2022, conséntase un aumento da ocupación media do sector de case un 8%, con especial relevancia das actividades relacionadas coa produción cinematográfica e coa posproducción audiovisual.

Ao analizar a evolución destes mesmos ámbitos de actividade, pódese apreciar un aumento da ocupación dun 111% e dun 127% respectivamente entre 2012 e 2023, aínda que de forma particularmente intensa a partir do ano 2018, o que indica unha expansión progresiva deste sector en Galicia e un aumento da necesidade de profesionais destas actividades.


### Evolución da ocupación da produción cinematográfica e da posprodución en Galicia (2012-2023)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

No que respecta á exhibición de cine, a gráfica sinala que a ocupación descendeu ata o ano 2014, baixada relacionada probablemente coa situación de crise económica, que tivo bastante impacto no ámbito de exhibición. Posteriormente foi crescendo paulatinamente ata 2020, ano en que, novamente, sufriu un brusco descenso coincidindo coa crise da COVID-19. En 2021 e 2022 volveu aumentar, aínda que os datos en xuño de 2023 reflicten unha nova diminución.

### Evolución da ocupación nos ámbitos da exhibición de cine, produción de televisión e distribución de cine e vídeo en Galicia (2012-2023)




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

No relacionado coa ocupación no ámbito da produción de programas de televisión, existe unha tendencia de estabilidade, mentres que no ámbito da distribución cinematográfica e de vídeo a ocupación sufriu unha diminución constante entre 2012 e 2020, ao perder case dous terzos de traballadores (de 77 a 28), e actualmente sitúase na contorna das 34 persoas ocupadas.

Por último, no ámbito da programación e emisión de televisión, aínda que apenas medra un 18% na última década, entre 2013 e 2015 a cifra de ocupación incrementouse nun 32,5%, ao pasar das 787 ata as 1.043 persoas ocupadas.

#### **Evolución da ocupación no ámbito da programación e emisión de televisión en Galicia (2012-2023)**



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### **3. Magnitudes económicas**

Se se teñen en conta os condicionantes metodolóxicos mencionados na parte da introdución, segundo a *Estadística estructural de empresas del sector servicios* que realiza o INE, Galicia contaba en 2021 cun total de 516 locais destinados a actividades de cine, vídeo e programas de televisión,



gravación de son e edición musical<sup>9</sup>, así como 85 para actividades de programación e emisión de radio e televisión<sup>10</sup>, é dicir, un total de 601, que supoñen un 4,8% dos rexistrados en España (12.527 locais).

A cifra de negocio neste ámbito superou na comunidade galega os 110 millóns de euros, ao redor dun 1% do total estatal, no que case se acababan os 10.850 millóns de euros. As actividades relacionadas co cine, vídeo, programación de televisión, gravación de son e edición musical son as que producen o maior volume de negocio en Galicia, un 71,8% do total, mentres que no conxunto de España supoñen un 50,2%.

En canto aos investimentos en activos materiais, Galicia destinou case 7 millóns de euros, un 5,34% do total do Estado (ao redor de 131 millóns de euros). De novo, máis dun 91% vai dirixido a actividades de cine, vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical.

#### Magnitudes das empresas do sector audiovisual. España-Galicia (2021)

	España	Galicia	% G/E
<b>Número de locais</b>	<b>12.527</b>	<b>601</b>	<b>4,80</b>
Actividades de cine, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	10.651	516	4,84
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.876	85	4,53
<b>Cifra de negocios (miles de euros)</b>	<b>10.847.354</b>	<b>110.144</b>	<b>1,02</b>
Actividades de cine, vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical	5.450.653	79.082	1,45
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	5.396.701	31.062	0,58
<b>Investimento en activos materiais (miles de euros)</b>	<b>130.907</b>	<b>6.996</b>	<b>5,34</b>

<sup>9</sup> A división 59 da CNAE-2009 comprende a produción de películas, sexan ou non de ficción, nas que se empregue película de celuloide, cinta ou disco para a súa proxección directa en salas de cine ou para a súa emisión en televisión; actividades auxiliares como a edición, montaxe, dobraxe de películas etc.; a distribución de películas e doutras producións cinematográficas a outros sectores industriais, así como a proxección destas. Tamén comprende a compra e venda dos dereitos de distribución de películas e doutras producións cinematográficas.


<sup>10</sup> A división 60 refírese ás actividades de creación de contidos ou adquisición de dereitos de distribución de contidos e, posteriormente, a emisión de tales contidos (por exemplo, radio, televisión, noticias, debates e similares). Comprende tamén a emisión de datos (emisión radiofónica ou televisiva) e a produción de programas de formato limitado e por subscripción.

Actividades de cine, vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical	95.127	6.388	6,72
Actividades de programación e emisión de radio e televisión	35.780	608	1,70

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A pesar de que en Galicia o número de locais destinados a actividades relacionadas co sector audiovisual aumentou entre os anos 2018 e 2020 en 141 unidades (de 470 a 611, un 30% máis), en 2021 descendeu a 601. Pola contra, a tendencia no conxunto de España é de crecemento do número de locais nos catro anos analizados, dos 10.508 locais de 2018 aos 12.527 en 2021 (2.019 máis, un aumento dun 19,2%).


#### Evolución do número de locais das empresas do sector audiovisual. España-Galicia (2018-2021)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

As cifras relacionadas co volume de negocio baixan nos catro anos estudados, tanto en Galicia como no conxunto estatal, aínda que mostran liñas de tendencia algo distintas. A comunidade galega, que acadaba o seu mellor dato en 2019 con 134,1 millóns de euros, viu rebaixada esta cifra en case 24 millóns de euros en 2021. En cambio, no conxunto do Estado produciuse un acentuado descenso no ano 2020, cunha perda de volume de negocio de máis de 2.300 millóns respecto a 2018, pero deu sinais dunha repunta de algo máis de 1.188 millóns en 2021, cun volume de negocio de case 10.900 millóns de euros.


**Evolución do volume de negocio das empresas do sector audiovisual. España-Galicia (2018-2021) (miles de euros)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

En Galicia, os investimentos en activos materiais das empresas aumentaron en case 1,9 millóns de euros, o que supón un crecemento dun 36,4% entre 2018 e 2021, con certas oscilacións na evolución. Pola súa banda, no conxunto estatal a contía máis elevada atópase en 2019, con preto de 248 millóns de euros. A partir dese ano os investimentos comezan a descender de forma acusada ata os 131 millóns de euros en 2021, o que implica unha baixada de máis de 117 millóns de euros, cun descenso dun 47% do investimento en activos materiais das empresas do sector audiovisual no conxunto do Estado.


**Evolución do investimento en activos materiais das empresas do sector audiovisual. España-Galicia (2018-2021) (miles de euros)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Estas cifras poden desagregarse por actividades, xa que onde máis acusado foi o descenso en 2020, e sobre todo en 2021, foi nas actividades relacionadas coa programación e emisión de radio e televisión (división 60 da CNAE-2009). Para o caso de Galicia, o seguinte gráfico reflicte a situación da evolución dos investimentos en activos materiais das empresas audiovisuais dese grupo de actividades económicas. Mentres que en España o descenso para este grupo de empresas foi dun 74% entre 2019 e 2021, en Galicia produciuse unha diminución dun 85% para o mesmo período. No relacionado coas actividades de cine, vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical (división 59 da CNAE-2009), no conxunto do Estado apenas varía de forma significativa entre 2019 e 2021, mentres que en Galicia aumentou máis dun 150%.

**Evolución do investimento en activos materiais das empresas do sector audiovisual en Galicia segundo actividade (2018-2021) (miles de euros)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Como fonte complementaria de datos estatísticos, realizouse unha extracción de SABI. Para o ano 2020<sup>11</sup>, a base de datos recolle información sobre 158 empresas do sector audiovisual (fronte as 152 rexistradas no INE no mesmo ano), polo que supón unha mostra suficientemente ampla para

<sup>11</sup> Aínda que existen datos máis recentes, debido á metodoloxía de recollida e introdución de datos en SABI escolleuse o ano 2020 por ser o máis recente con datos completos.

obter unha visión fidedigna dalgúns datos económicos adicionais das empresas do sector. No caso do total de empresas do sector en España, o INE recolle 3.200 e a base de datos SABI practicamente coincide con esa cifra (3.151).


**Distribución das empresas do sector audiovisual en Galicia e total de España, por fontes (2020)**

	INE	SABI
Posproducción audiovisual	10	22
Exhibición cinematográfica	28	10
Producción de cine/vídeo	88	93
Producción de programas de TV	17	17
Distribución de cine/vídeo	4	6
Distribución de programas de TV	0	0
Programación/emisión de TV	5	10
Total Galicia	152	158
Total España	3.200	3.151

Fonte: Instituto Nacional de Estadística e Sistema de Análisis de Balances Ibéricos

A única actividade con baixa representación na base SABI é a de exhibición cinematográfica, con pouco máis dun terzo das empresas recollidas polo INE. No resto dos casos existen menos diferenzas<sup>12</sup>.

**Distribución das empresas do sector audiovisual en Galicia, por provincias (2020)**



Fonte: Sistema de Análisis de Balances Ibéricos

<sup>12</sup> No caso de SABI, recóllese o código primario da CNAE-2009 declarado pola empresa, o que explica en parte as diferenzas entre os resultados desta base de datos e os do INE.

Practicamente dous terzos do total das empresas galegas do sector audiovisual están na provincia da Coruña, seguida de Pontevedra, cunha cuarta parte das empresas. O restante 10% repártese entre Lugo (7%) e Ourense (3%). Algo semellante ocorre ao analizar os datos do conxunto do Estado segundo a base de datos SABI. Só as provincias de Madrid e Barcelona suman máis do 56% do total de empresas do sector audiovisual (1.175).

**Ingresos de explotación das empresas do sector audiovisual. España-Galicia (2020)  
(miles de euros)**


	España	% To- tal	Galicia	% To- tal	% G/E
Posproducción audiovisual	364.891,6	3,59	4.694,2	5,49	1,29
Exhibición cinematográfica	258.058,9	2,54	5.423,6	6,34	2,10
Producción de cine/vídeo	1.625.042,5	16,00	37.605,2	43,99	2,31
Producción de programas de TV	1.152.471,9	11,35	24.862,8	29,08	2,16
Distribución de cine/vídeo	483.441,6	4,76	4.564,2	5,34	0,95
Distribución de programas de TV	92.047,9	0,91	0,0	0,00	0,00
Programación/emisión de TV	6.179.917,4	60,85	8.340,5	9,76	0,13
<b>TOTAL</b>	<b>10.155.871,8</b>	<b>100,00</b>	<b>85.490,5</b>	<b>100,00</b>	<b>0,84</b>

Fonte: Sistema de Análisis de Balances Ibéricos

Con respecto aos ingresos de explotación, conséntase que no ano 2020, en Galicia, este indicador situábase en 85,5 millóns de euros, o que, en comparación coas cifras da totalidade do Estado, apenas representa un 0,84% dos algo máis de 10.000 millóns de euros.

Da cifra total en Galicia, un 44% provén de empresas produtoras de cine e vídeo, seguido dun 29% procedente de empresas de produción de programas de televisión. Pola contra, en España, seis de cada dez euros dos ingresos de explotación das empresas do sector audiovisual proceden das actividades de programación e emisión de televisión, mentres que en Galicia apenas supoñen un 9,8%. A centralización deste tipo de empresas en comunidades como Madrid e Cataluña e a magnitude destas provoca que haxa unha peso moito menos relevante de Galicia con respecto ás cifras globais. Se se elimina a clase 6020 da CNAE-2009, o peso proporcional de Galicia subiría ata case un 2%.

### Evolución dos ingresos de explotación das empresas do sector audiovisual en Galicia (2013-2021) (miles de euros)



A evolución deste indicador no período entre 2013 e 2021 reflicte unha tendencia positiva e ascendente, agás en 2017 e 2021, aínda que a cifra deste último ano ten que considerarse provisional<sup>13</sup>. Entre 2013 e 2020 o aumento dos ingresos de explotación das empresas do sector audiovisual en Galicia pasou dos case 52 millóns de euros ata os 85,5 millóns, o que indica un incremento de practicamente un 65%. O crecemento mesmo foi constante no primeiro ano da pandemia da COVID-19, o que indica que, a pesar das dificultades, as empresas audiovisuais no seu conxunto continuaron o seu crecemento.

No que respecta ao activo<sup>14</sup> das empresas, os datos extraídos de SABI indican que no ano 2020 as distintas empresas do sector audiovisual en Galicia tiñan un activo que superaba os 205 millóns de euros. Esta cantidade representa apenas un 1,26% do conxunto de España, cunha cifra global que ascende ata os algo máis de 16.300 millóns de euros.

<sup>13</sup> Non todas as empresas remitiron as contas de ingresos de explotación do ano 2021 ao organismo oficial correspondente, polo que a cifra para ese ano debe considerarse provisional.

<sup>14</sup> Defínese como o conxunto de bens, dereitos e outros recursos dos que é propietaria unha compañía (mobiliario, equipos informáticos, oficinas...), así como os bens dos que se agarda un beneficio futuro.




**Activo das empresas do sector audiovisual. España-Galicia (2020) (miles de euros)**

	España	% To- tal	Galicia	% To- tal	% G/E
Posproducción audiovisual	577.335,4	3,53	6.416,1	3,12	1,11
Exhibición cinematográfica	1.388.004,1	8,48	10.850,6	5,28	0,78
Producción de cine/vídeo	2.562.131,4	15,66	68.908,4	33,55	2,69
Producción de programas de TV	3.237.899,5	20,01	26.705,1	13,00	0,82
Distribución de cine/vídeo	880.073,1	5,38	5.029,0	2,45	0,57
Distribución de programas de TV	217.164,5	1,33	0,0	0,00	0,00
Programación/emisión de TV	7.462.853,6	45,61	87.497,7	42,60	1,17
<b>TOTAL</b>	<b>16.325.461,6</b>	<b>100,00</b>	<b>205.406,9</b>	<b>100,00</b>	<b>1,26</b>

Fonte: Sistema de Análisis de Balances Ibéricos

A CRTVG é a empresa con máis peso en activos de Galicia, con 85,6 millóns de euros (un 41,7% do total das empresas do sector en Galicia). As empresas produtoras de cine e vídeo contan cun activo que supón un terzo do total de Galicia e un 2,7% do total do Estado.

**Evolución do activo das empresas do sector audiovisual en Galicia (2013-2021) (miles de euros)**

Fonte: Sistema de Análisis de Balances Ibéricos


Por último, en canto á evolución do total do activo das empresas do sector audiovisual en Galicia no período 2013-2021, pode comprobarse que ata o

ano 2014 o indicador estaba en crecemento, pero sofre unha importante deterioración ente 2015 e 2016, ano en que o descenso chegou ata un 20% dos case 186 millóns de euros do total do sector para 2014. Non é ata 2019 cando a cifra supera a barreira dos 200 millóns de euros e en 2021 pasa xa os 221 millóns de euros, o que supón un 27% máis que en 2013.

#### 4. Producción cinematográfica

Segundo os datos do Ministerio de Cultura y Deporte, recollidos do rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais integrado no ICAA, para o ano 2022 rexístranse en Galicia un total de 28 empresas produtoras de cine con actividade, fronte ás 494 existentes en España, o que supón un 5,7% do total. Por comunidades autónomas, Galicia sitúase en sexta posición, moi preto da Comunidade Valenciana. O sector da produción de cine está maioritariamente localizado nas comunidades de Madrid e Cataluña, que engloban case un 55% do total das produtoras do Estado.

**Empresas produtoras de cine con actividade por comunidades autónomas (2022)**




Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Ao analizar a evolución do número de empresas produtoras de cine en Galicia, apréciase un aumento nos últimos dez anos, xa que se pasa de 19 empresas en 2012 a 28 en 2022 (un incremento dun 47,4%), mentres que no conxunto do Estado a cifra de empresas produtoras para ese mesmo período se duplicou, pois pasou de 246 a 494. Este significativo aumento no ámbito estatal provoca que a porcentaxe deste tipo de empresas en Galicia se sitúe actualmente dous puntos por debaixo da de 2012, cando chegou a un 7,7%; polo tanto, pasa de ser a cuarta comunidade en número de empresas produtoras de cine a ocupar a sexta posición na actualidade. Non obstante, a porcentaxe chegou a ser inferior a un 4% en varios anos do período analizado. Así, por exemplo, en 2016 o número de empresas en Galicia tan só representaba un 3,4% do total de España.

A pesar de todo, as empresas produtoras de cine experimentaron un aumento significativo nos últimos dous anos, especialmente no territorio galego. Mentres que Galicia pasou de 15 empresas en 2020 a 28 en 2022, o que supón un crecemento dun 87%, en España a cifra pasou de 340 a 494 (un 45%).

**Evolución do número de empresas produtoras de cine con actividade. España-Galicia (2012-2022)**




Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

De acordo cos datos obtidos do *Catálogo de Películas Calificadas* elaborado polo ICAA do Ministerio de Cultura y Deporte, as empresas produtoras galegas realizaron ou participaron na realización de 284 películas no período

que abrangue dende o ano 2013 ao 2022. Destas 284 películas, un 56% son longametraxes e un 44% curtametraxes.

Na seguinte gráfica pode comprobarse a evolución temporal destes datos. A cifra total destas producións para o ano 2022 é máis do dobre da rexistrada en 2013 e, no caso concreto das curtametraxes, a cifra quintuplicouse no período indicado. En 2022, ademais, acadouse a cifra máis elevada tanto de curtametraxes como de longametraxes, aínda que estas últimas foron as que máis aumentaron proporcionalmente con respecto ao ano anterior: un 42,1% no caso das longametraxes fronte a un 15,8% no das curtametraxes.

**Evolución do número de producións e coproducións cinematográficas galegas (2013-2022)**




Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Outro aspecto relevante que cómpre ter en conta é o xénero da película. No seguinte gráfico pode verse a distribución do período. Cabe sinalar que só se especifican aqueles xéneros en que se atopou máis dun caso ao longo da serie histórica. Por este motivo, creouse a categoría “Outros”, na que se agrupan diversos xéneros dos que só apareceu un caso en todo o período analizado, como son os de ficción científica, creación, histórica, romántica e social. Tamén se inclúen nesta categoría as películas clasificadas no xé-

nero “Ficción”, xa que é unha categoría moi ampla que pode abranguer algúns dos outros xéneros mencionados na gráfica. Nalgunhas categorías, como as de “Comedia”, “Documental” ou “Drama”, agrupáronse algunhas subclasificacións, como por exemplo: comedia dramática, negra ou romántica, no caso do xénero “Comedia”; documentais de artes, científicos, sociais, de creación ou de medio ambiente, no caso do da categoría “Documental”, e dramas fantásticos, históricos, románticos ou sociais, no caso do xénero “Drama”.

#### Número de producións e coproducións galegas segundo o xénero (2013-2022)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales


Tendo en conta todo o anterior, as empresas produtoras galegas realizaron principalmente documentais ao longo dos últimos dez anos, cunha suma acumulada de cen obras (un 28,4% do total), das cales tan só en 2022 se realizaron vinte, unha quinta parte do total. En segundo lugar atópanse os dramas, cun total de 76 en todo o período (un 26,4%). Destacan tamén outros dous xéneros de ficción como son a comedia e o *thriller*, con dezanove filmes cada un (un 6,7%). Por último, cómpre mencionar as películas de animación, que tamén suman un total de dezanove durante todo o período analizado.

**Evolución das producións e coproducións galegas segundo o xénero (2013-2022)**

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Total
Animación	2	2	1	1	2	2	3	-	3	3	19
Biográfica	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	2
Comedia	1	6	1	1	1	-	2	1	3	3	19
Docuficción	-	-	-	-	-	-	-	1	1	-	2
Documental	8	3	9	9	10	10	10	9	12	20	100
Drama	10	3	7	7	3	5	7	11	11	12	76
Ensaio	-	-	-	-	-	-	-	-	2	1	3
Experimental	1	-	1	-	3	-	-	-	2	-	7
Fantasia	-	-	2	-	-	-	-	-	-	1	3
Terror	-	1	-	-	1	-	1	3	-	4	10
Thriller	-	1	3	1	-	4	2	2	3	3	19
Outros	1	1	3	3	3	4	4	2	1	2	24
<b>Total</b>	<b>23</b>	<b>17</b>	<b>27</b>	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>25</b>	<b>29</b>	<b>29</b>	<b>40</b>	<b>49</b>	<b>284</b>

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Durante o período de análise houbo un total de 320 entidades ou profesionais que produciron películas galegas<sup>15</sup>. As produtoras con sede social na provincia da Coruña son maioritarias: no conxunto do período supoñen o 63,1% do total. En segundo lugar sitúase Pontevedra, con algo máis do 19% do total, con 61 produtoras. Lugo alberga case o 12% das produtoras e o restante 6% pertence a produtoras con sede en Ourense ou fóra de Galicia (Barcelona e Madrid).

**Empresas produtoras segundo a residencia da súa sede social**

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

<sup>15</sup> Tal e como se indicou na metodoloxía, considéranse os filmes producidos ou coproducidos en Galicia e tamén aqueles en lingua galega. Unha pequena proporción destes últimos están producidos por empresas de fóra de Galicia

A evolución deste indicador reflicte unha distribución irregular por anos e provincias. Así, Ourense é a única que durante case todo o período (agás 2018) rexistra a participación dunha única empresa cada ano. En comparación co ano 2021, en 2022 as provincias de Pontevedra e —especialmente— Lugo experimentan un aumento significativo na realización de películas, cun total de 12 en cada unha das provincias.


#### **Evolución das empresas produtoras participantes na realización de películas galegas<sup>16</sup> (2013-2022)**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Madrid	Barcelona
2013	22	-	1	2	-	-
2014	8	1	1	8	-	-
2015	22	3	1	3	-	-
2016	13	3	1	4	-	1
2017	12	6	1	6	-	-
2018	15	2	2	8	-	1
2019	25	5	1	4	1	-
2020	19	6	1	6	-	1
2021	34	-	1	8	2	-
2022	32	12	1	12	-	2
Total	202	38	11	61	3	5
% media de participación	63,1	11,9	3,4	19,1	0,9	1,6

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Nos proxectos cinematográficos galegos, tanto se son producións españolas como coproducións con outros países, poden participar unha ou varias entidades ou persoas na súa realización. A maioría das películas (un 88,7%) foron desenvolvidas por unha única produtora, un 9,5% por dúas e tan só un 1,8% por tres.

#### **Evolución da porcentaxe de películas galegas coproducidas (2013-2022)**




Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

<sup>16</sup> Esta cifra difire dos resultados de empresas produtoras galegas que se desprenden do cadro inicial deste mesmo capítulo, xa que nesta recollida, ademais de empresas, tamén se cuantifican persoas. Por outra banda, tan só se refire a entidades que participaron en producións galegas.



Ademais, pode comprobarse que a participación de máis dunha produtora na mesma película vai aumentando ao longo do período. Así, en 2013 só unha das 23 películas galegas foi coparticipada por tres produtoras e en 2016 a totalidade dos filmes foron producidos por unha soa empresa, pero, a medida que avanza o tempo, obsérvanse cada vez máis proxectos cinematográficos compartidos por dúas ou tres produtoras. O exemplo máis salientable é o do ano 2022, no que 9 das 49 películas realizadas contaron coa participación de dúas ou tres produtoras (sen contar coas que foron, ademais, coproducidas por empresas estranxeiras). Tamén se pode observar que esta tendencia ascendente no número de coproducións se viu interrompida en 2020 e 2021.


**Evolución do número de películas galegas coproducidas segundo o número de empresas participantes (2013-2022)**



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

No seguinte gráfico pode observarse a porcentaxe media de participación das produtoras galegas no conxunto das películas realizadas por aquelas entre 2013 e 2022. Entre as conclusións que se poden tirar cómpre salientar que en 2022 se acadou a segunda porcentaxe media máis baixa de participación; é neste ano cando se rexistra a cifra máis elevada de coproducións con empresas estranxeiras, concretamente en oito películas. A porcentaxe media de participación das produtoras galegas en películas na última década sitúase nun 81,7%.


### Evolución da porcentaxe media de participación de produtoras galegas en películas (2013-2022)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

O seguinte gráfico reflicte a evolución na cifra de películas realizadas integramente por produtoras galegas. Malia que se pode atopar algún ano, como 2016, no que practicamente a totalidade das películas galegas realizadas (90,9%) foron producidas por empresas galegas, en 2019 estas realizaron menos da metade das películas galegas (44,8%). En 2022 foron algo máis da metade (51%), 9,9 puntos porcentuais menos que en 2013.


### Evolución das películas participadas na súa totalidade por produtoras galegas (2013-2022)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

No seguinte gráfico pode analizarse a distribución das produtoras galegas segundo o número de películas realizadas na última década. Distínguese entre empresas produtoras, que son as que realizaron o maior número de películas (78,8%), e persoas, que adoitan ser as que producen e, ademais, dirixen os filmes. Entre as empresas produtoras, máis dun 68% realizou só unha película durante este período. Pola súa banda, a porcentaxe de persoas produtoras cunha única película no período que vai de 2013 a 2022 sobe ata un 75%.

**Número de produtoras galegas e persoas segundo o número de películas realizadas (2013-2022)**



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Cabe mencionar a produtora Mordisco Films, S. L., por ser a que máis películas realizou neste período, un total de dezanove, seguida por Vaca Films Studio, S. L., con once. Estas dúas empresas son as únicas que superan as dez películas producidas neste período.

Con respecto ás características das producións e coproducións galegas, cómpre analizar tamén aspectos como a lingua ou linguas en que foron realizadas e os países participantes nas coproducións.

En canto á versión orixinal das películas galegas, hai que sinalar a existencia de ata quince linguas diferentes empregadas nos filmes realizados entre 2013 e 2022. Outro dato importante é que máis da metade das películas (57,4%) utilizaron o idioma castelán como versión orixinal, segui-

das polas realizadas en galego, un 42,3% da porcentaxe total. As linguas inglesa, portuguesa ou francesa aparecen de forma minoritaria (7%, 3,2% e 1,8%, respectivamente). Por último, atopáronse quince películas sen diálogos, o que supón un 5,3% de todas as realizadas no período estudado.


#### Películas realizadas segundo a lingua de produción (2013-2022)

Linguas	Total	Porcentaxe
Castelán	163	57,4
Galego	120	42,3
Inglés	20	7,0
Portugués	9	3,2
Francés	5	1,8

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

O número de películas en que se utilizou a lingua galega, ben de forma íntegra ou ben xunto con outras linguas, experimentou na última década un incremento significativo. Así, mentres que en 2013 se realizaron 9 filmes en galego (apenas un terzo do total de filmes producidos ese ano), en 2022 foron 23 as películas en que o idioma galego estivo presente (un 47% do total de filmes producidos). Como se pode observar, a tendencia no período estudado foi irregular ata 2020, cun aumento importante nos últimos dous anos da serie temporal. No ano 2021 rexistrouse a maior porcentaxe de filmes producidos en versión orixinal en galego (un 55%).


#### Evolución do número de películas en que se usa a lingua galega (soa ou con outras linguas) (2013-2022)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

No que respecta á coprodución de películas, as produtoras galegas participaron en proxectos cinematográficos con empresas estranxeiras de ata quince países distintos: seis europeas, oito americanas e unha africana. Na evolución deste indicador entre 2013 e 2022, a pesar de existir unha certa tendencia ao aumento, a porcentaxe adoita situarse na media do 15%, con anos en que a participación de produtoras de fóra de Galicia foi moi baixa (en 2015, 2017 ou 2018, con porcentaxes entre o 0% e o 8%).

**Evolución do número de películas coproducidas por produtoras galegas e estranxeiras (2013-2022)**




Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Para finalizar, na seguinte gráfica pódense ver máis polo miúdo datos sobre o número de películas coproducidas segundo o país do que proceden as produtoras. Cómpre salientar o caso de Francia, que aglutina 13 das 43 coproducións realizadas neste período (30,2%), seguido por Portugal, con 8 películas (18,6%). Entre os países americanos con máis películas participadas por produtoras galegas están A Arxentina e México, con catro películas cada un.



### Número de coproduccións galegas segundo o país das empresas estranxeiras participantes (2013-2022)




Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

## 5. Exhibición de cine

En 2022 rexístranse 38 cines en Galicia, a mesma cifra que o ano anterior, así como 189 salas de exhibición, unha menos que en 2021. No cómputo global de España, os cines aumentaron na última anualidade de referencia case un 3% e pasaron de 710 a 731, mentres que as salas de cine aumentaron apenas un 0,7%, de 3.625 a 3.650. O peso de Galicia con respecto ao total de cines e salas de exhibición do Estado baixou dúas décimas e situouse nun 5,2%.


### Evolución do número de cines. España-Galicia (2012-2022)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

A evolución do número de cines en Galicia nos últimos dez anos indica que, agás no período de 2016 a 2018, no que houbo un aumento notable destas infraestruturas no país, os cines en Galicia sitúanse na contorna dos 38, o que supón 1,41 cines por cada 100.000 habitantes. No caso de España, tras un descenso pronunciado entre 2012 e 2014, recóllese para o ano 2022 a cifra de 731 cines, o que supón 1,54 cines por cada 100.000 habitantes.

**Evolución do número de salas de exhibición. España-Galicia (2012-2022)**



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales


Como amosa o gráfico anterior, as salas de exhibición experimentaron unha evolución similar en Galicia: apréciase un maior descenso ata 2014 para despois volver entre 2016 e 2018 a cifras similares ás de 2012. En 2019 e especialmente en 2020, o número de salas de exhibición volveu descender, aínda que se recuperou de novo na contorna das 190 salas en 2021 e 2022, o que supón 7,06 salas de exhibición por cada 100.000 habitantes. Esta cifra sitúase lixeiramente por debaixo da proporción estatal, que é de 7,69 salas por cada 100.000 habitantes. A pesar diso, mentres que na última década no conxunto de España se perdeu un 8,8% das salas de exhibición, en Galicia a cifra é practicamente a idéntica á de 2012.

En 2022 exhibíronse no conxunto de España 2.521 películas, das cales se puideron ver en Galicia 615, o que supón algo menos dunha cuarta parte do total de títulos (24,4%). Con respecto ao ano anterior, aínda afectado pola crise sanitaria da COVID-19, o aumento é dun 20,4% para Galicia e




dun 18,9% no Estado. Por comunidades autónomas, Galicia sitúase no sétimo lugar, a pouca distancia da Comunidade Valenciana ou de Castela e León. A Comunidade de Madrid, con 1.406, e Cataluña, con 1.190, son os territorios con maior número de películas exhibidas en 2022.

#### Número de películas exhibidas nos cines por comunidades autónomas (2022)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Na evolución do indicador dentro do período analizado (2012-2022) experimentábase un aumento significativo no número de películas exhibidas. Durante o período de 2015 a 2019, o número de títulos proxectados en Galicia foi aumentando ata alcanzar o seu pico máximo en 2016, con 607 películas, algo máis dun terzo do total de filmes exhibidos no Estado. A crise sanitaria provocada pola COVID-19 fixo descender bruscamente o número de películas exhibidas en todo o territorio, con caídas máis acusadas en Galicia (que pasou de 582 a 445, un descenso dun 23,5%) que no conxunto de España (cunha diminución de apenas un 8,1%).


**Evolución do número de películas exhibidas nos cines. España-Galicia (2012-2022)**

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Dende 2020 e ata 2022, primeiro ano sen restricións sanitarias relevantes, o aumento de películas exhibidas foi dun 38,2% para Galicia, mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe medrou case un 50%. As cifras de 2022 son as máis altas do período analizado, o que indica que, ao contrario doutros indicadores, os datos de exhibición de películas nos cines recuperaron por completo o volume anterior á crise sanitaria. Por último, cómpre sinalar que, para o período 2012-2022, o incremento do número de películas exhibidas en Galicia foi dun 42,4% (das 432 en 2012 ás 615 en 2022), mentres que no conxunto do Estado o crecemento foi dun 70,1% para o mesmo período (de 1.482 a 2.521).

Pola contra, o número de espectadores está aínda lonxe de alcanzar o seu máximo. Para este ano, en Galicia houbo 2,5 millóns de espectadores, o que supón un 4,2% do total estatal (59,1 millóns). Tamén foi case un 40% máis que en 2021 e máis do dobre que no ano 2020, pero aínda afastado dos 4,2 millóns de espectadores rexistrados en 2019. A proporción repítese para as cifras estatais.


### Número de espectadores de cine por comunidades autónomas (2022) (millóns de persoas)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Por comunidades autónomas, Galicia sitúase en sexta posición, a moi pouca distancia do País Vasco e de Castela e León. As comunidades con maior número de espectadores son Cataluña e Madrid, con algo máis de once millóns cada unha.

### Evolución do número de espectadores de cine. España-Galicia (2012-2022) (millóns de persoas)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

A evolución do número de espectadores para os últimos dez anos é practicamente idéntica en Galicia e no conxunto de España. Ata 2013 prodúcese un descenso derivado dos efectos da crise económica e a partir de 2014 comeza unha suave subida. Entre ese ano e 2019, en España aumenta de 79 a 105 millóns o número de persoas que asistiron a longametraxes en cines (un incremento dun 33%), mentres que en Galicia se pasou dos 3 aos 4,2 millóns de espectadores (un aumento proporcional dun 40%, algo maior que o incremento estatal). A crise da COVID-19 e as restricións sanitarias do ano 2020 provocaron un abrupto descenso na cifra de asistencia a cines, cunha perda de case tres de cada catro espectadores. A situación está lonxe de chegar á situación prepandemia, pois os espectadores que asistiron ao cine en 2022 son un 40% menos que no ano 2019.

Por nacionalidade do filme, a preferencia do espectador é claramente a do cine estranxeiro, en detrimento do español, ao longo de toda a serie estudada. A proporción é case idéntica en España e en Galicia na última década: polo xeral, oito de cada dez espectadores elixen ver películas estranxeiras, mentres que tan só dúas de cada dez persoas asisten a longametraxes españolas.

**Evolución da proporción de espectadores nos cines por nacionalidade da película (2012-2022)**


	Espanólas		Estranxeiras	
	España	Galicia	España	Galicia
2012	19,4	20,6	80,6	79,4
2013	14,0	13,1	86,0	86,9
2014	25,5	26,3	74,5	73,7
2015	19,3	20,7	80,7	79,3
2016	18,5	18,6	81,5	81,4
2017	17,4	15,8	82,6	84,2
2018	17,9	17,1	82,1	82,9
2019	15,1	15,9	84,9	84,1
2020	25,2	25,4	74,8	74,6
2021	16,1	17,3	83,9	82,7
2022	22,1	-	78,0	-

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

O descenso no número de espectadores entre 2020 e 2022 por efectos derivados da crise sanitaria global incide tamén na baixada da recadación nos cines para ese mesmo período. A pesar de que a partir de 2021 comeza a ascender novamente o nivel de recadación, no último ano analizado (2022), igual que no caso do número de espectadores, non se recuperaron

aínda por completo as cifras, senón que se sitúan ao redor dun 40% por debaixo das cifras de 2019.

#### Evolución da recadación en cines. España-Galicia (2012-2022) (millóns de euros)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

En 2012, na comunidade galega recadouuse un total de 24,7 millóns de euros, dos cales 19,7 millóns correspondían aos filmes estranxeiros e 5,1 millóns aos españois, mentres que no total de España a recadación ascendía a 614,2 millóns de euros (494,3 millóns deixaron as películas estranxeiras e 119,9 millóns as españolas). A situación da recadación entre 2012 e 2019 movíase en valores similares, pero en 2020 produciuse un acentuado descenso ata chegar aos 6,7 millóns de euros en Galicia e 161 millóns no conxunto estatal, o que supón unha perda de case tres cuartas partes da recadación.

#### Evolución da recadación en cines por nacionalidade da película. España-Galicia (2012-2022) (millóns de euros)


	España		Galicia	
	Españolas	Estranxeiras	Españolas	Estranxeiras
2012	119,9	494,3	5,1	19,7
2013	70,2	436,2	2,6	17,3
2014	131,8	386,4	5,6	15,7
2015	111,7	463,5	5,0	18,9
2016	111,2	490,9	4,6	19,7
2017	103,0	488,3	3,8	20,0
2018	103,1	482,7	3,9	19,0
2019	92,2	522,6	3,8	20,2
2020	39,4	121,6	1,7	5,0
2021	39,7	212,2	1,8	8,5
2022	77,5	289,9	-	-

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

En 2022, o prezo medio da entrada do cine fica en Galicia nos 6 euros, 20 céntimos menos que a media estatal. Ao longo do período estudado (2012-2022), o importe non descendeu dos 5,7 euros nin estivo nunca por riba dos 6,6 euros, con independencia da nacionalidade da película. Tamén se pode apreciar que en 2012 e 2013 os prezos foron os máis elevados da serie, cunha corrección significativa en 2014: o descenso do prezo medio da entrada foi dun 8% para o conxunto de España e de case un 11% no caso de Galicia. A partir dese ano ata 2021, as cifras manteñen unha estabilidade na contorna dos 5,7 a 5,9 euros no caso de Galicia e entre 5,9 e 6,0 euros no caso do conxunto do Estado, sen sufrir os efectos da crise sanitaria de forma apreciable. Así mesmo, en 2022 constátase unha tendencia alcista, pero aínda por debaixo dos prezos rexistrados nos anos 2012 e 2013.

**Evolución do prezo medio da entrada dos cines. España-Galicia (2012-2022) (euros)**

DOCUMENTOS  
DE TRABAJO  
**CCG**




Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

No que respecta ao gasto medio por habitante, en 2022 a cifra en Galicia está nos 5,5 euros, mentres que a media estatal se sitúa nos 7,7 euros, un 40% máis que en Galicia. Cando se consulta a evolución deste indicador na última década pode verse que segue un patrón practicamente idéntico para os valores de Galicia e do conxunto do Estado, cun menor gasto medio por habitante. En 2012, o gasto medio por espectador estaba situado case nos 9 euros en Galicia e en algo máis de 13 euros en España.

Coa crise económica, entre 2013 e 2015 o gasto diminuíu, pero no ano 2019 recuperáronse novamente as cifras de 2012. A crise sanitaria marcou un punto de inflexión e a diminución do gasto por habitante foi de entre un 72% e un 74%. Os datos de 2022 confirman unha tendencia marcadamente ascendente, pero, ao igual que noutros indicadores relacionados, aínda se está lonxe de recuperar as cifras anteriores a 2020.

#### Evolución do gasto medio por habitante no cine. España-Galicia (2012-2022) (euros)



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Por tipo de película, percíbese un maior desembolso cando a película que se exhibe é estranxeira. Así pois, en 2021 en España, dos 5,3 euros por habitante tan só 0,8 se gastaron en películas españolas (0,7 euros no caso de Galicia dun total de 3,9 euros).


#### Evolución do gasto medio por habitante no cine segundo a nacionalidade da película. España-Galicia (2012-2022) (euros)

Ano	España		Galicia	
	Españolas	Estranxeiras	Españolas	Estranxeiras
2012	2,6	10,6	1,8	7,1
2013	1,5	9,3	0,9	6,2
2014	2,8	8,3	2,0	5,7
2015	2,4	10,0	1,8	6,9
2016	2,4	10,6	1,7	7,2
2017	2,2	10,5	1,4	7,4
2018	2,2	10,3	1,4	7,0
2019	2,0	11,1	1,4	7,5
2020	0,8	2,6	0,6	1,9
2021	0,8	4,5	0,7	3,2
2022	1,6	6,1	-	-

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

En relación coa realización de festivais de cine promovidos polo ICAA, o número destes foi en aumento entre 2012 e 2021. Mentres que en España pasou de 36 a 79 (un aumento do 120%), no caso de Galicia pasouse de contar con tan só 2 eventos deste tipo a 8 en dez anos, co que se cuatriplicou o seu peso con respecto ao conxunto do Estado. Deste xeito, mentres que en 2012 os festivais en Galicia eran apenas o 5,6% do total, en 2021 superan o 10%, e xa se achegaran ao 14% en 2019, último ano antes da crise sanitaria. Segundo o Ministerio de Cultura y Deporte, a tendencia nacional de aumento de festivais en 2020 é consecuencia do incremento das axudas destinadas a actividades durante a pandemia, cando unha parte destes eventos se desenvolveron en liña.

**Evolución do número de festivais españois de cine promovidos coa participación do ICAA en Galicia e España e porcentaxe de festivais galegos con respecto a España (2012-2021)**



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Ademais dos datos xerais, analízanse tamén neste capítulo os datos de exhibición referidos ás películas producidas en Galicia, como o número de filmes galegos exhibidos, as cifras de espectadores e a súa recadación en salas comerciais.


Mentres que en 2012 só dúas de cada tres longametraxes producidas en Galicia tiveron algún tipo de exhibición comercial en salas, en 2022<sup>17</sup>

<sup>17</sup> Hai que ter en consideración que algunhas películas producidas en 2022 non se exhiben ata 2023, polo que as cifras relativas á exhibición para ese ano son provisionais.



esa cifra sobe a case oito de cada dez películas galegas. As longametraxes con recadación nos últimos anos roldan de media un 85%. As longametraxes con menos circulación son as películas documentais, das que moitas non existen datos de recadación.

**Evolución do número de longametraxes producidas ou coproducidas en Galicia e exhibidas comercialmente, e porcentaxe con respecto ao total de longametraxes producidas (2013-2022)**



Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

A seguinte táboa mostra os datos detallados sobre cifras de espectadores e recadación no período analizado (2013-2022) só para o caso das longametraxes con datos de exhibición comercial. Durante ese período, as películas exhibidas no circuío comercial foron vistas por algo máis de 7,1 millóns de persoas e obtiveron unha recadación que superou os 43 millóns de euros. Algúns xéneros ou tipos de película, especialmente as longametraxes documentais, contan con moi pouca exhibición en salas comerciais, polo que inflúen nos resultados medios de espectadores e de recadación. Tampouco se recollen por este método, os espectadores do circuío non comercial, nin os de televisión, plataformas ou outras vías de difusión.

Como se pode observar, hai diferenzas significativas nas cifras de público e recadación en función dos anos. Isto é debido principalmente ao éxito comercial dos títulos estreados en cada un dos anos correspondentes. Por exemplo, producíronse estreos con cifras de público próximas ou

superiores a un millón de espectadores, mentres que outros anos a cifra é moito menor.

**Evolución das longametraxes de produción ou coprodución galega segundo a cifra de espectadores e recadación (2013-2022)**

Ano	Espectadores		Recadación	
	Total	Media	Total	Media
2013	50.570	4.214	182.607,37€	18.260,74€
2014	939.932	85.448	5.677.868,14€	516.169,83€
2015	1.812.192	151.016	10.889.845,20€	907.487,10€
2016	364.392	40.448	1.985.790,60€	220.643,40€
2017	6.752	844	69.172,08€	8.646,51€
2018	261.828	29.092	1.527.502,68€	169.722,52€
2019	762.359	58.643	4.409.537,47€	339.195,19€
2020	1.120.955	101.905	6.925.748,83€	629.613,53€
2021	257.670	14.315	1.502.965,98€	79.103,83€
2022	1.574.412	74.972	9.888.076,38€	470.860,78€
<b>Total</b>	<b>7.151.062</b>		<b>43.059.114,73€</b>	

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Pódese mencionar a película *Cien años de perdón*, coproducida pola empresa galega Vaca Films Studio, S. L., que acadou máis dun millón de espectadores e unha recadación de máis de seis millóns de euros, cifras que supoñen un 59,7% do total de espectadores e un 61% da recadación das películas con produción galega do ano 2015. Outro caso semellante foi o da película *As bestas*, do ano 2022. Este filme<sup>18</sup> tivo máis dun millón de espectadores e unha recadación de máis de seis millóns de euros no momento de escribir este informe, cifras que supoñen un 68,6% do total de espectadores e un 69% do total da recadación acadada en 2022 entre as películas de produción galega.

Tamén se recollen datos de exhibición comercial para o caso das curtametraxes, pero tan só 15 das 125 producións galegas de curta duración realizadas no período 2013-2022 achegan datos de recadación e espectadores (un 12% do total), con cifras marxinais na maior parte dos datos achegados.

Ofrécense a continuación datos sobre as películas con maiores cifras de espectadores e recadación no período 2013-2022. Na táboa que segue

<sup>18</sup> Aínda que as empresas produtoras desta película non son galegas (dúas de Barcelona e unha de Madrid), está incluída neste informe porque, tal como se describiu na metodoloxía, unha das linguas en que está rodada é o galego.

indícanse as vinte películas cun maior número de espectadores neste período, independentemente da recadación.

**Listaxe das vinte películas galegas con maior número de espectadores entre 2013 e 2022**

Película	Ano	Espectadores	Recadación
<i>Cien años de perdón</i>	2015	1.081.851	6.644.409,92
<i>As bestas</i>	2022	1.079.794	6.824.675,42
<i>Malasaña 32</i>	2020	587.041	3.608.292,77
<i>O descoñecido</i>	2015	488.555	3.001.266,26
<i>Quen a ferro mata</i>	2019	416.687	2.458.228,33
<i>Extinction</i>	2014	349.110	2.050.038,58
<i>El club de los incomprendidos</i>	2014	330.604	2.148.979,96
<i>Hasta el cielo</i>	2020	325.584	2.047.486,97
<i>Toro</i>	2016	309.541	1.696.017,90
<i>La sombra de la ley</i>	2018	245.430	1.438.217,42
<i>El verano que vivimos</i>	2020	184.067	1.139.564,20
<i>13 exorcismos</i>	2022	159.630	1.046.758,82
<i>Código emperador</i>	2021	159.365	975.593,00
<i>Felices 140</i>	2014	158.737	958.309,26
<i>Canallas</i>	2022	137.126	858.798,06
<i>Fatum</i>	2022	135.370	800.809,20
<i>A galiña Turuleca</i>	2019	134.022	766.550,24
<i>A cambio de nada</i>	2015	127.566	593.580,18
<i>O que arde</i>	2019	104.540	565.214,33
<i>A praia dos afogados</i>	2015	82.673	476.667,20
<b>Total das vinte películas</b>	---	<b>6.597.293</b>	<b>40.099.458,02</b>

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

Por último, na seguinte táboa móstranse as vinte películas en versión orixinal en galego máis vistas entre 2013 e 2022. Como se pode comprobar, as películas que ocupan as tres primeiras posicións nesta listaxe están tamén incluídas na táboa anterior, é dicir, entre os proxectos cinematográficos máis vistos neste período. A primeira é *As bestas*, a segunda é *O que arde* e en terceiro lugar atópase *A praia dos afogados*, con máis de 80.000 espectadores e unha recadación que se achega ao medio millón de euros. Quizais o dato máis salientable é que un 60% das películas incluídas nesta listaxe non chega aos 10.000 espectadores. En total, estes filmes en lingua galega foron vistos por case 1,5 millóns de espectadores e lograron unha recadación de 8,8 millóns de euros.

**Listaxe das vinte películas en lingua galega con maior número de espectadores entre 2013 e 2022**

Película	Ano	Espectadores	Recadación
<i>As bestas</i>	2022	1.079.794	6.824.675,42
<i>O que arde</i>	2019	104.540	565.214,33
<i>A praia dos afogados</i>	2015	82.673	476.667,20
<i>Cuñados</i>	2021	58.240	318.306,37
<i>A esmorga</i>	2014	47.866	277.652,06
<i>Valentina</i>	2021	17.903	84.634,10
<i>Os fenómenos</i>	2013	15.822	92.430,83
<i>Sicixia</i>	2016	12.158	68.507,12
<i>Ons</i>	2020	5.973	32.808,46
<i>Sica</i>	2022	5.789	33.333,04
<i>Dhogs</i>	2018	4.727	25.791,40
<i>Longa noite</i>	2019	4.100	21.801,60
<i>O corpo aberto</i>	2022	3.983	22.396,01
<i>Nación</i>	2020	3.925	19.834,38
<i>Trinta lumes</i>	2018	3.418	17.415,59
<i>Costa da Morte</i>	2013	3.277	15.186,90
<i>Lúa vermella</i>	2020	2.971	15.697,08
<i>Eroski Paraíso</i>	2019	2.477	12.736,30
<i>Memorias dun home en pixama</i>	2017	2.338	13.023,56
<i>Vigo 1972</i>	2017	2.270	11.667,60
<b>Total das vinte películas</b>	---	<b>1.464.244</b>	<b>8.857.348,52</b>

Fonte: Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

## 6. Televisión e servizos audiovisuais por *streaming*

A información estatística referente ao ámbito da televisión e dos servizos de *streaming* non está tan sistematizada como outras do sector audiovisual. Ademais, moita da información cuantitativa atópase dispoñible só mediante acceso restrinxido. Noutros casos, tan só se pode acudir a fontes do sector que precisan dun baleirado e sistematización posterior. O EAO, por exemplo, recorre a datos da páxina JustWatch<sup>19</sup> para recoller información sobre o audiovisual en *streaming*, información que aínda é máis limitada para o nivel xeográfico das comunidades autónomas.

Esta fragmentación dificulta a redacción dun capítulo completo sobre este ámbito, cada vez máis relevante para o sector audiovisual. Non obstante, ofrécese un repaso xeral da televisión, que se completará tamén no capítulo relacionado cos hábitos e prácticas culturais. Atendendo ao

<sup>19</sup> JustWatch é unha guía de *streaming* para películas, series de televisión e deportes, dispoñible en máis de 140 países. Serve como base de datos que recolle información de preto de cen mil títulos distintos en aproximadamente setenta plataformas de vídeo.



caso galego, ademais de datos de audiencia das cadeas xeneralistas, cónsultanse estudos e informes das fontes sinaladas na metodoloxía.

Segundo os datos do documento de traballo da Comisión Europea sobre as perspectivas da industria europea dos medios<sup>20</sup>, no referente á televisión, o sector audiovisual na Europa ampliada comprende no ano 2022 un total de 12.275 servizos. Ao redor de tres cuartas partes son servizos lineais (9.080 canles de televisión, das cales un 8% son emisoras de servizos públicos) e unha cuarta parte son servizos non lineais, isto é, servizos de vídeo á carta e plataformas de intercambio de vídeo. En canto ao contido destes servizos, mentres que a programación televisiva se define na súa maior parte pola diversidade temática, os servizos á carta adoitan centrarse principalmente en películas e dramas televisivos.

Con respecto á propiedade, o mercado europeo da televisión comprende, por unha banda, un sector público con programación principalmente xeneralista dispoñible nas redes de televisión dixital terrestre (TDT) e, pola outra, un amplo sector privado que inclúe canles por cable e por satélite. Ademais, o 97% dos servizos baixo demanda en Europa tamén son privados, aínda que os servizos públicos, co 3% restante, comezan a entrar ofrecendo servizos de recuperación para os seus programas lineais. De feito, o sector público segue resultando clave para os mercados audiovisuais, xa que inviste de forma significativa en produción de contidos, especialmente series. Segundo os datos do EAO, estímase que as emisoras de servizo público representan case un terzo do tempo total de visualización en Europa.


Segundo o informe da Comisión Europea, os países que conforman a UE contaban en 2022 con máis de 4.000 emisoras de televisión, así como dun total de 9.080 canles dispoñibles operadas por estas emisoras. A televisión segue a ser o servizo preferido polos usuarios europeos para ver filmes e series: o 71% dos consumidores reconece ver películas ou series polas canles tradicionais de televisión polo menos unha vez ao mes. Ademais, a pesar de que a tendencia dos consumidores é a de incrementar o uso dos servizos de *streaming*, a televisión aínda mantén o seu nivel de interese.

---

<sup>20</sup> *The European Media Industry Outlook*, publicado en maio de 2023.

Para analizar os sistemas de distribución da televisión existentes no caso de España e de Galicia, cómpre acudir a datos extraídos do informe de Barlovento para o ano 2022<sup>21</sup>. O informe indica que en España o 73% da cota de sistemas de distribución de televisión se corresponde coa TDT, mentres que o 16,6% ten que ver con servizos de televisión por protocolo de internet ou IPTV (Movistar TV, Vodafone TV, Orange TV...), o 7,7% coa televisión por cable (Vodafone, Ono, Mundo-R...) e o restante 2,7% con sistemas de satélite dixital e outros. No caso de Galicia, a preponderancia da TDT é maior que a media estatal (76,5%), en detrimento dos servizos de IPTV, con apenas o 11%, e faise un uso significativo de sistemas de distribución de televisión por satélite dixital, co 3,7% do total, o que supón a porcentaxe máis elevada de toda España.


**Porcentaxe de cotas de distribución de televisión. España-Galicia (2022)**



Fonte: Barlovento Comunicación


En canto á análise das audiencias televisivas, e máis concretamente á distribución xeral de cota de pantalla durante o ano 2022, só Antena 3 e Telecinco superaron en España a barreira do 10% de audiencia. Non obstante, o caso de Galicia é particular, xa que a TVG se sitúa como a segunda cadea máis vista no territorio, co 11,5% de cota de pantalla por diante de Telecinco, mentres que no conxunto de España as cadeas autonómicas apenas superan o 8%. Por riba do 3% sitúanse outras cadeas como La 1, La Sexta, Cuatro e La 2. Mentres que as dez cadeas máis vistas engloban ao redor de dous terzos da cota de pantalla, o último terzo repártese as restantes vinte cadeas xeneralistas.

<sup>21</sup> *Análisis de la industria televisiva-audiovisual 2022*, Barlovento Comunicación.

**Audiencia televisiva das principais cadeas de televisión. España-Galicia (2022)**

Fonte: Barlovento Comunicación


En comparación co resto de televisións autonómicas, segundo o informe de Barlovento, a TVG só é superada pola audiencia de TV3 (que está sobre un 14% de cota de pantalla) e practicamente empatada en audiencia coa cadea de Aragón TV. De feito, a televisión autonómica catalá é a máis vista na súa comunidade, mentres que no País Vasco ou en Aragón, igual que sucede en Galicia, as televisións autonómicas se sitúan na segunda posición en canto a audiencia.

**Evolución da porcentaxe de audiencia televisiva das cadeas autonómicas en España e da TVG (2014-2022)**

Fonte: Corporación Radio e Televisión de Galicia

Para analizar a evolución da audiencia da TVG en comparación coa media estatal das cadeas autonómicas, cómpre acudir á memoria elaborada pola CRTVG en 2022, na que se recollen datos de Kantar Media entre 2014 e 2022. Os datos indican que en Galicia se consome moita máis televisión autonómica que na media das comunidades autónomas de España. Por outra banda, apréciase unha consolidación da audiencia da TVG na comunidade na contorna do 10% dende hai unha década, e 2022 é o ano con mellores datos de todo o período.

#### Evolución da media de porcentaxe de contactos diarios das cadeas autonómicas con máis audiencia (2013-2022)



Fonte: Corporación Radio e Televisión de Galicia

Outro dato que recolle o informe da CRTVG é a evolución da audiencia das televisións autonómicas a través da porcentaxe da poboación con contacto diario coa cadea, tamén extraído de Kantar Media. En 2022, máis de 635.000 galegos e galegas consumiron diariamente contidos da TVG (un 24,4%), porcentaxe só superada por Aragón TV, con case un 28% da súa poboación.

A evolución deste indicador no período entre 2013 e 2022 reflicte un acusado descenso en todas as cadeas autonómicas analizadas, debido principalmente á saturación de oferta no mercado televisivo. Aínda así, a TVG foi a que menos diminuíu, cunha baixada de tan só 7,8 puntos porcentuais (dun 32,2% a un 24,4%), mentres que outras cadeas como TV3 perderon máis de 16 puntos porcentuais (dun 38,3% en 2013 a un 22,2% en 2022).





Un último dato estatístico referido a audiencias sinala que a TVG adoita ser unha das referencias informativas da poboación galega, con audiencias de entre un 13% e un 15% na última década. En 2022 o conxunto dos programas informativos da cadea autonómica tiveron unha audiencia media de 43.000 telespectadores, cifra que se sitúa lixeiramente por riba das audiencias medias de Telecinco e Antena 3, que tamén superan os 40.000 telespectadores no territorio.

Para finalizar esta sección, cómpre indicar que en Galicia a CRTVG desempeña un importante papel de apoio ao sector audiovisual. En cumprimento da Lei xeral de comunicación audiovisual, a CRTVG apoiou en 2022 o talento audiovisual galego a través da participación activa en diversos proxectos do sector en Galicia: diversos *pitching* do Clúster Audiovisual Galego, presenza en xornadas organizadas por entidades do sector (Agapi, AGADIC...), asistencia a rodaxes e presentación de películas e series, presenza institucional nos Premios Mestre Mateo ou no Festival de Cine de Ourense (OUFF), convocatoria de contidos dixitais dirixida a novos produtores, prestación de servizos audiovisuais, etc. Así mesmo, en 2022 a entidade participou en catorce proxectos (sete longametraxes cinematográficas, cinco longametraxes documentais, unha serie de animación e un telefilme). Por último, a CRTVG participa en iniciativas de promoción e presenza exterior das producións galegas, en especial en plataformas de *streaming* e en televisións de todo o mundo.

En canto ao vídeo baixo demanda e servizos de *streaming* (OTT), o informe do Observatorio Audiovisual Europeo<sup>22</sup> cifra para 2022 nun total de 3.195 servizos deste tipo proporcionados ben por emisoras que están ampliando as súas operacións ao ámbito en liña (ofrecendo unha versión liñeal da programación ou lanzando as súas marcas de vídeo baixo demanda separadas das súas canles tradicionais), ben por empresas sen experiencia previa en programación de televisión que lanzan a súa plataforma de vídeo baixo demanda.

Segundo os datos recollidos nunha enquisa da EAO, os servizos de subscripción baixo demanda (SVoD) son os segundos máis utilizados tras a televisión, cun 60% de usuarios. O resto de servizos de *streaming* gratuítos,

---

<sup>22</sup> *Film and TV content in TVoD, SVoD and FoD catalogues. 2022 Edition*, European Audiovisual Observatory.

como a transmisión de vídeo baixo demanda (BVoD) ou os vídeos baixo demanda con publicidade (AVoD), acadan o terceiro e cuarto posto, cun 51% e un 35% respectivamente, entre as preferencias dos consumidores.

O modelo de negocio principal baséase en subscricións periódicas para acceder ao catálogo en liña completo da empresa e de uso ilimitado, que é o máis estendido, seguido do TVoD ou alugueiro ou compra de produtos audiovisuais concretos (estreas, canles especiais etc.). Recentemente está emerxendo tamén un terceiro modelo, baseado en vídeos baixo demanda con publicidade.

#### **Modelo de negocio dos servizos de vídeo baixo demanda en Europa e España por tipo de servizos (2021)**

Servizos de vídeo baixo demanda (TV) segundo o modelo de negocio				
	*FoD	*SVoD	*TVoD	<b>Total</b>
Total Europa	58	391	48	<b>497</b>
Total España	3	21	4	<b>28</b>
% España	5,20	5,40	8,30	<b>5,70</b>
Servizos de vídeo baixo demanda (filmes) segundo o modelo de negocio				
	FoD	SVoD	TVoD	<b>Total</b>
Total Europa	129	673	169	<b>971</b>
Total España	7	35	9	<b>51</b>
% España	5,40	5,20	5,30	<b>5,30</b>
Total de servizos segundo o modelo de negocio				
	FoD	SVoD	TVoD	<b>Total</b>
Total Europa	187	1.064	217	<b>1.468</b>
Total España	10	56	13	<b>79</b>
% España	5,30	5,30	6,00	<b>5,40</b>

Fonte: EAO a partir de datos de JustWatch

\*FoD: Vídeo gratuíto baixo demanda

\*SVoD: Subscrición de vídeo baixo demanda

\*TVoD: Transacción de vídeo baixo demanda

Segundo os datos do informe da EAO, en 2021 o modelo de subscrición non só é o que máis medra en Europa, senón que tamén é o máis concentrado. No cadro anterior este modelo engloba en Europa 1.064 dos 1.468 servizos existentes (un 72,5%) e 56 dos case 80 servizos dispoñibles en España (case un 71%), mentres que as transaccións de alugueiro ou compra en Europa e España roldan algo máis dun 12% e os sistemas de vídeo gratuíto apenas supoñen un 14,8% en Europa e un 16,5% en España.

En canto á orixe de títulos de películas nos catálogos dos servizos de vídeo baixo demanda, o informe da EAO recolle case 116.000 filmes únicos, dos cales un 36% (preto de 42.000) é de procedencia da UE. Deses cantidade, un total de 4.380 títulos (un 11%) serían de España: 2.400 dispoñibles en plataformas de transacción, 436 en plataformas de vídeo gratuito e pouco máis de 3.000 presentes en plataformas de subscrición.

A finais de 2021 os tres principais provedores (todos dos Estados Unidos) aglutinaban un 71% das 189 millóns de subscricións no mercado europeo: Netflix (36%), Amazon Prime Video (23%) e Disney+ (12%).

Segundo os datos do informe de Barlovento Comunicación, en 2022 oito de cada dez persoas contan en España con acceso nos seus fogares a contidos de pago (case trinta millóns), dos cales un 88% son individuos de entre 25 e 34 anos, mentres que no extremo contrario están as persoas maiores de 70 anos, que representan pouco máis de dous terzos do total. Cada español con acceso a estes servizos gasta de media 38 euros mensuais. No caso do estudo de ICMEDIA Galicia<sup>23</sup>, na comunidade galega as cifras son moi similares, con algo máis dun 82% de persoas subscritas a algunha plataforma dixital, cifra que se incrementa ata un 90% no caso de persoas de entre 12 e 16 anos.

Por plataformas, e igual que sucede no resto de Europa, as subscricións en España aglutinan nos tres primeiros postos a Netflix (que chega ao 55% dos subscritores), Amazon Prime Video (que está presente na metade dos fogares con subscrición) e Disney+ (co 22%). Volvendo á fonte do estudo de ICMEDIA, para Galicia o estudo sinala que Netflix tamén é plataforma máis utilizada, con algo máis de dous terzos dos subscritores, seguida de Amazon Prime Video (53,1%) e Movistar Plus+ (28%). Igual que ocorre no conxunto de España, en Galicia a plataforma de Disney+ sitúase no 22% de subscritores. Como dato adicional, segundo o estudo de ICMEDIA, das persoas subscritas a plataformas, un terzo tan só conta cunha subscrición, mentres que case a metade ten dúas ou tres e o restante 17% está abonado a catro ou máis plataformas.

Ademais de ser a que ten maior penetración, segundo o informe de Barlovento, Netflix tamén é o servizo con maior alcance, con algo máis do

---

<sup>23</sup> *Consumo audiovisual en Galicia 2023*, ICMEDIA Galicia.

32% de cota de pantalla, seguido a distancia por Amazon Prime Video (18,7%) e Movistar Plus+ (11,7%).

Para finalizar, achéganse datos do informe *Xabarán* da Mesa pola Normalización Lingüística, que realizou unha análise dos contidos existentes en lingua galega nas principais plataformas de *streaming*. O informe sinala a falta de vontade de incluír a lingua galega nun espazo estratéxico como o sector dos servizos de vídeo baixo demanda, algúns deles suxeitos á Lei do audiovisual, que esixe un mínimo de presenza de contidos en lingua galega, e que se incumpre sistematicamente. O cadro seguinte reflicte que no ano 2022 apenas un 0,5% dos contidos das principais plataformas de *streaming* de España estaba en galego, porcentaxe semellante á dos contidos infantís na nosa lingua, cun 0,6%.

**Títulos totais e infantís das principais plataformas de *streaming* en España e porcentaxe de presenza do galego nos títulos (2022)**

	Títulos	% en galego	Infantís	% en galego
Netflix	7.340	1,44	790	1,89
HBO Max	365	0,00	194	0,00
Prime Video	7.341	0,44	379	0,00
Disney+	2.452	0,00	738	0,00
RTVE Play	743	0,54	140	0,00
MiTele	140	0,00	27	0,00
Atresplayer	6.795	0,00	100	0,00
Filmin	9.386	0,31	270	0,74
Movistar Plus+	1.924	0,10	177	0,00
<b>Total</b>	<b>36.486</b>	<b>0,48</b>	<b>2.815</b>	<b>0,60</b>


Fonte: A Mesa pola Normalización Lingüística

## 7. Subvencións e axudas

A AGADIC ten como obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables. Co fin de acadar estes obxectivos no que respecta ao sector audiovisual, desenvolve unha liña de axudas concretas que se analizan neste capítulo. Trátase dunha descrición parcial das axudas públicas que recibe o sector, dado que a AGADIC non é a única fonte. O obxectivo do capítulo é describir a evolución das axudas en concorrencia competitiva que promove este organismo, por entender que resultan ilustrativas.

O número de proxectos audiovisuais desenvolvidos co apoio económico da AGADIC na última década evolucionou, en xeral, de xeito positivo. Como se pode observar na seguinte gráfica, elaborada a partir dos datos proporcionados pola entidade, en 2012 a AGADIC subvencionou 18 proxectos, mentres que, ata o momento da redacción deste informe en xuño de 2023, ese número se elevou ata os 108. O ano con maior número de proxectos audiovisuais subvencionados foi 2022 con 142, o que supón case oito veces máis proxectos que en 2012.

**Evolución do número de proxectos audiovisuais promovidos pola AGADIC (2012-2023)**



Fonte: Axencia Galega das Industrias Culturais

En total, o número de subvencións a proxectos audiovisuais entre 2012 e 2023 (este último aínda provisional) ascende a preto de 900, das cales máis dun 40% está relacionado coa produción, case un terzo co fomento e promoción e case un 20% co ámbito da creación.


Cómpre sinalar que 2022 foi o ano en que a AGADIC subvencionou o maior número de producións de todo o período analizado, un total de 66 (23 máis que no ano anterior), mentres que ata xuño de 2023 esta cifra baixou ata 39. Este tipo de axudas teñen que ver principalmente coas producións e coproducións de contido cultural galego, producións galegas e tamén en lingua galega.

As subvencións vinculadas ao fomento e promoción comezaron a desenvolverse en 2014 con apenas 5 proxectos subvencionados. A partir dese ano, a liña de tendencia é positiva ata 2019, coa concesión de axudas a 53 proxectos, cifra que descendeu posteriormente ata os 36 de 2023. Estas axudas van dirixidas á promoción do produto audiovisual galego, á presenza en festivais do sector e en mostras de cine fóra de Galicia, etc.

No ámbito da exhibición, entre 2012 e 2020 só se subvencionaron nove proxectos, todos eles en 2014. Porén, nos últimos tres anos da serie temporal apoiáronse dezaseis cada ano.

Por último, as axudas á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego son as máis regulares na súa evolución numérica, cunha cifra de proxectos subvencionados que oscila entre os doce de 2013 e os dezanove dos anos 2020 a 2022.

**Evolución do número de proxectos audiovisuais subvencionados segundo o tipo (2012-2023)**




Fonte: Axencia Galega das Industrias Culturais

No que respecta á contía das axudas aos proxectos audiovisuais, a tendencia evolutiva dos últimos dez anos é ascendente aínda que algo irregular, con picos de incremento significativos, especialmente nos anos 2018, 2021

e 2022, debido a circunstancias específicas<sup>24</sup>. Xa que logo, o incremento das axudas durante o período analizado é de case un 31%. En 2023 experimentábase unha baixada de máis de 2 millóns de euros respecto ao ano anterior e de 1,8 millóns en relación con 2021, se ben isto é debido a que os datos aínda son provisionais e tamén debido á fin do programa de axudas do Hub Audiovisual.

**Evolución da contía das axudas da AGADIC a proxectos audiovisuais (2012-2023)  
(miles de euros)**



Fonte: Axencia Galega das Industrias Culturais

A seguinte táboa detalla as contías das axudas en función de se están relacionadas coa creación, produción, fomento ou promoción e exhibición. Nos últimos doce anos a AGADIC subvencionou proxectos por unha contía de case 40 millóns de euros, dos cales case 34 millóns (o 86% da contía total das axudas) foron destinados ao ámbito da produción, que foi o que maior cantidade de subvencións recibiu.

<sup>24</sup> En 2018 desenvolveuse un programa de subvención puntual dirixido a unha produción audiovisual sobre o Camiño de Santiago con fins promocionais. No caso dos anos 2021 e 2022, o programa Hub Audiovisual / Industria Cultural Galega con financiamento europeo supuxo igualmente un acicate.


**Evolución da contía das axudas da AGADIC a proxectos audiovisuais segundo o tipo do proxecto (2012-2023)**

	Cantidade total	Creación	Producción	Fomento / promoción	Exhibición
2012	2.878.391	0	2.878.391	0	0
2013	1.326.000	66.000	1.260.000	0	0
2014	2.530.000	145.000	2.175.000	90.000	120.000
2015	2.441.000	145.000	2.185.000	111.000	0
2016	2.465.000	145.000	2.185.000	135.000	0
2017	2.490.000	145.000	2.200.000	145.000	0
2018	4.130.000	145.000	3.815.000	170.000	0
2019	2.676.000	156.000	2.260.000	260.000	0
2020	3.176.000	156.000	2.760.000	260.000	0
2021	5.604.000	194.000	4.800.000	260.000	350.000
2022	5.875.197	194.000	4.540.000	260.000	881.197
2023	3.769.000	194.000	2.800.000	275.000	500.000
<b>Total</b>	<b>39.360.588</b>	<b>1.685.000</b>	<b>33.858.391</b>	<b>1.966.000</b>	<b>1.851.197</b>

Fonte: Axencia Galega das Industrias Culturais

A moita máis distancia están as contías recibidas polos proxectos incluídos nos ámbitos da creación e do fomento e promoción, que acadaron 1,68 e 1,96 millóns de euros no período de 2012 a 2023, cun peso proporcional de menos do 5% para cada ámbito con respecto á contía total. Hai que salientar o caso dos proxectos relacionados coa exhibición, un campo que, coa excepción do ano 2014, non recibiu ningún tipo de axudas ata o ano 2021. As novas axudas deste tipo débense, en gran medida, ao programa Hub Audiovisual. Nos últimos tres anos de estudo rexístranse cantidades que acadaron os 350.000 euros en 2021, máis de 881.000 en 2022 e medio millón de euros en 2023 destinados á exhibición.

**Porcentaxe media de axudas da AGADIC a proxectos audiovisuais entre 2012 e 2022 en comparación con 2023, segundo o tipo de proxecto**




Fonte: Axencia Galega das Industrias Culturais



En 2022 e 2023 comeza a verse unha maior diversificación das axudas. Aínda que as subvencións relacionadas coa produción seguen representando case tres de cada catro euros do total, están afastadas da media dos anos 2012-2022, situada no 88,5%. No caso das axudas ao fomento e a promoción, mentres que a AGADIC destina o 7,3% das subvencións anuais a este ámbito en 2023, a porcentaxe media dos últimos anos é de menos do 5%. No caso das axudas á exhibición, existe unha situación de irregularidade ata o ano 2022, cunha porcentaxe media do 2,4%, mentres que en 2023 aumenta ata o 13,3%. Por último, a creación audiovisual é un dos ámbitos con menor apoio, sen chegar ningún ano da década analizada ao 6% da contía das subvencións e incluso con índices por debaixo do 4% nos anos 2018, 2021 e 2022.

**Evolución da porcentaxe das axudas da AGADIC destinadas á creación de proxectos audiovisuais (2012-2023)**



Fonte: Axencia Galega das Industrias Culturais

O programa Hub Audiovisual / Industria Cultural Galega, posto en marcha co financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través de REACT, contou con 9,6 millóns de euros repartidos en diversos ámbitos: industria audiovisual, videoxogos, medidas transversais para o conxunto da industria cultural, etc., o que supuxo unha grande impulso económico.



No que respecta ao campo do audiovisual, as axudas específicas para o sector durante os anos 2021 e 2022 provenientes do Hub supuxeron unha inxección de preto de 6,6 millóns de euros, dedicados ao fomento e promoción de rodaxes (con catro millóns de euros, dos cales foron concedidos preto de tres), ao desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais (con 1,2 millóns de euros) e a un programa de axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais (dotado con 300.000 euros, a maiores dos cales foron concedidos outros 80.000 euros). De forma transversal, outras axudas do Hub Audiovisual foron destinadas a industrias do sector, como as axudas para a dotación de equipamentos e activos para o fomento da innovación e a competitividade, das cales aproximadamente un millón de euros foi destinado a unhas trinta empresas. Por último, as axudas de 2023 para proxectos desenvolvidos por empresas de exhibición cinematográfica de carácter comercial, dotadas con medio millón de euros, tamén se engloban nas axudas correspondentes ao Hub Audiovisual, aínda que tan só se solicitaron e concederon pouco máis de 170.000 euros. En total, este programa beneficiou un total de 118 proxectos entre 2021 e 2023.

## **8. Hábitos e prácticas culturais relacionados co ámbito audiovisual**


Segundo a Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España en 2021-2022, un 58,3% da poboación galega e un 59,4% do total da poboación española estaban subscritas a plataformas dixitais no seu fogar<sup>25</sup>. Con respecto ao bienio 2018-2019, a subida é máis importante en Galicia, cun crecemento de 11,5 puntos porcentuais (ao pasar dun 46,8% a un 58,3%), que en España, cunha subida de tan só 7,2 puntos. Isto indica que Galicia está achegándose con rapidez á confluencia coa media estatal.

---

<sup>25</sup> Malia que non son fontes comparables, os datos máis recentes sobre penetración de plataformas de *streaming* recollidos no capítulo 6 apuntan a un incremento moi importante nun período moi curto.



### Evolución da porcentaxe de persoas subscritas a plataformas dixitais no fogar. España-Galicia (2018-2022)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Por tipo de contido, as plataformas que experimentaron o maior crecemento en número de subscricións nos catros anos analizados son as de películas e series, con aumentos por riba dos 17 puntos no caso de Galicia e de case 14 puntos no total de España. A seguinte plataforma máis contratada é a de contidos musicais, e neste caso Galicia supera o conxunto de España en 0,6 puntos porcentuais. Na comunidade galega aumentaron todos os tipos de subscrición en xeral, mentres que na media estatal se reduciron os abonamentos a canles de televisión en 2,5 puntos ata situarse nun 26,3%, dous puntos por debaixo da porcentaxe de subscricións de Galicia.


### Evolución da porcentaxe de persoas subscritas a plataformas dixitais no fogar segundo o tipo. España-Galicia (2018-2022)

	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>		
Total dispoñen	52,2	59,4
Plataformas de contidos musicais	26,8	29,5
Plataformas de películas ou series	38,9	52,8
Plataformas de canles de televisión	28,8	26,3
Plataformas de libros	3,4	5,6
Plataformas de videoxogos	4,1	4,9
<i>Galicia</i>		
Total dispoñen	46,8	58,3
Plataformas de contidos musicais	26,0	30,1
Plataformas de películas ou series	33,2	50,4
Plataformas de canles de televisión	26,3	28,3
Plataformas de libros	3,5	4,7
Plataformas de videoxogos	4,4	5,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

A porcentaxe de persoas que dispoñen de soportes de vídeo no fogar experimentou un descenso de ao redor dun 43% tanto en Galicia como no total de España entre os anos 2010 e 2022. Así pois, mentres que en 2010 preto dun 80% dos fogares galegos dispoñía de distintos soportes de vídeo, na actualidade esa porcentaxe sitúase por debaixo dun 45%. Este descenso explícase pola desaparición paulatina dos soportes físicos.

**Evolución da porcentaxe de persoas que contan con soportes de vídeo no fogar. España-Galicia (2010-2022)**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Dentro dos diferentes tipos de soporte, os máis utilizados son o CD, o DVD e o Blu-ray. Por outra banda, os soportes de vídeo en formato dixital manteñen a súa presenza nos fogares galegos practicamente na mesma proporción que en 2010 (por riba dun 17%).


**Evolución da porcentaxe de persoas que contan con soportes de vídeo no fogar segundo o tipo. España-Galicia (2010-2022)**

	2010-2011	2014-2015	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>				
Total dispoñen	84,1	73,1	61,8	47,4
Cintas VHS	42,7	-	-	-
CD, DVD, Blu-ray	80,6	71,3	58,3	43,5
Soportes de vídeo en formato dixital	15,6	21,7	21,3	19,2
<i>Galicia</i>				
Total dispoñen	78,9	69,3	63,1	44,6
Cintas VHS	36,8	-	-	-
CD, DVD, Blu-ray	76,1	66,5	59,1	41,2
Soportes de vídeo en formato dixital	17,3	22,5	23,2	17,7

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Un 89,3% da poboación galega dispón de equipos para ver vídeos no fogar, cifra que supón un incremento de 8,2 puntos porcentuais con respecto ao primeiro bienio de estudo (2010-2011), cando ademais a porcentaxe se situaba por detrás do conxunto do Estado, cunha diferenza de 5,5 puntos porcentuais, que se foi reducindo ata a case equiparación actual coa porcentaxe media de España (90,1%).

**Evolución da porcentaxe de persoas que contan con equipos nos que ver vídeos no fogar. España-Galicia (2010-2022)**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Ata o ano 2014 prodúcese un descenso de entre 6 e 9 puntos porcentuais na dispoñibilidade de equipos en que poden ver vídeos no fogar, e recúperanse practicamente as cifras de 2010 no bienio 2018-2019. Isto é debido a que, a partir dese bienio, se inclúen nas recollidas estatísticas os primeiros datos de soportes de vídeo en formato dixital, con conexión a Internet, móbiles con reprodutor de vídeo, *smart TV*, ordenadores, tabletas etc. A irrupción destes dispositivos na sociedade vai modificar o hábito no tipo de equipos utilizados, como xa ocorrera no seu momento co VHS e co DVD, no nivel de escala e penetración. O móbil con reprodutor de vídeo pasa a ser o equipo máis empregado no último bienio 2021-2022 (un 84,6% en Galicia e un 81,8% no conxunto estatal), seguido doutros dispositivos como o ordenador ou a tableta (un 78% en Galicia fronte a preto dun 70% na media estatal). Non obstante, o equipo que máis medrou entre 2018-2019 e 2021-2022 foi a *smart TV*, cun aumento de máis de 20 puntos

porcentuais en apenas catro anos e con presenza en case dous terzos dos fogares españois e en seis de cada dez fogares galegos.

**Evolución da porcentaxe de persoas que teñen equipos en que pode ver vídeos no fogar, segundo o tipo. España e Galicia. (2010-2022)**

	2010- 2011	2014- 2015	2018- 2019	2021- 2022
<i>España</i>				
<b>Total dispoñen</b>	<b>87,3</b>	<b>78,0</b>	<b>84,9</b>	<b>90,1</b>
- Vídeo VHS	37,0	-	-	-
Equipos de vídeo nos que se pode ver:				
- DVD, Blu-ray	81,4	73,5	51,4	28,9
- Soportes de vídeo en formato dixital	13,3	23,3	22,5	18,8
- Algún deles con conexión a Internet	-	-	19,5	17,8
- Outros equipos	10,6	11,2	-	-
- Móbil con reprodutor de vídeo	-	-	72,8	81,8
- <i>Smart TV</i>	-	-	43,7	66,3
- Outros dispositivos (ordenador, tableta) con reprodutor de vídeo	-	-	59,7	69,3
<i>Galicia</i>				
<b>Total dispoñen</b>	<b>81,8</b>	<b>75,9</b>	<b>83,1</b>	<b>89,3</b>
- Vídeo VHS	35,0	-	-	-
Equipos de vídeo nos que se pode ver:				
- DVD, Blu-ray	77,7	68,7	57,8	35,1
- Soportes de vídeo en formato dixital	9,5	27,7	20,9	26,3
- Algún deles con conexión a Internet	-	-	17,1	22,5
- Outros equipos	14,7	7,5	-	-
- Móbil con reprodutor de vídeo	-	-	74,3	84,6
- <i>Smart TV</i>	-	-	40,3	60,5
- Outros dispositivos (ordenador, tableta) con reprodutor de vídeo	-	-	62,4	78,2

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

O interese da poboación polos contidos audiovisuais en xeral recibe entre 2018 e 2022 unha valoración de 6,4 puntos sobre un máximo de 10 no caso de Galicia e de 6,8 no total de España. Por tipo de contidos, o cine ten unha valoración de 6,1 en Galicia e de 6,9 no conxunto do Estado. Os contidos en vídeo teñen unha valoración en Galicia de 6,8 puntos, que resulta máis próxima á media de España, con 7,1 puntos. Como nota adicional, a valoración dos contidos en vídeo en Galicia aumentou nun bienio case un 5%, ao pasar de 6,5 a 6,8 puntos.



**Evolución da valoración media do grao de interese polos contidos audiovisuais. España-Galicia (2018-2022)**


	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>		
<b>Total</b>	<b>6,8</b>	<b>6,8</b>
- Cine	6,8	6,9
- Vídeos (de películas, series e outro tipo)	7,0	7,1
<i>Galicia</i>		
<b>Total</b>	<b>6,4</b>	<b>6,4</b>
- Cine	6,0	6,1
- Vídeos (de películas, series e outro tipo)	6,5	6,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

O grao medio de interese polo cine mantense en Galicia nun índice de 6,1 puntos entre 2010 e 2022, mentres que no conxunto estatal sobe cinco décimas.

As causas principais polas que as persoas non van ao cine ou non van máis veces son o prezo da entrada, a falta de tempo e a falta de interese, tanto en Galicia como no conxunto de España. Non obstante, no bienio 2021-2022 a COVID-19 provocou un cambio importante na percepción de elementos que dificultaban o acceso ao cine. A enquisa recolle que un terzo de españois identificaron como principal problema os riscos sanitarios provocados pola pandemia, mentres que en Galicia a porcentaxe foi incluso maior, con case un 36% das respostas.

**Motivos polos que a poboación non vai ou non vai máis veces ao cine. España-Galicia (2021-2022)**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

En canto ao resto de factores, en Galicia destacan a falta de interese (case un 19% das respostas fronte á media estatal, situada en case un 13%), a falta de tempo (cunha porcentaxe similar en relación coa media estatal) e o prezo, que no caso de Galicia foi detectado en menor medida como problemático (un 10,2% fronte a un 12,9% no conxunto de España).

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo os motivos polos que non van ou non van máis veces ao cine. España-Galicia (2010-2022)**

	2010-2011	2014-2015	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>				
É caro	22,5	28,9	25,5	12,9
É difícil conseguir entradas	0,8	0,6	0,3	0,5
Hai pouca oferta	10,6	9,0	8,9	7,4
Hai pouca información	1,7	1,1	0,9	0,7
Prefire velo en televisión, vídeo, PC, Internet	14,2	10,2	8,3	8,0
Resúltalle difícil saír da casa	9,0	9,2	7,4	3,4
Resúltalle difícil de entender	1,1	0,9	1,3	0,5
Non ten tempo	22,3	25,5	31,3	15,8
Non ten interese	14,1	11,2	12,1	12,9
Non ten con quen ir	3,6	3,5	2,3	1,4
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	1,6	1,3
Motivos vinculados á COVID	-	-	-	33,0




<i>Galicia</i>				
É caro	21,8	27,2	22,1	10,2
É difícil conseguir entradas	0,6	0,6	0,4	0,2
Hai pouca oferta	12,2	9,4	11,3	8,2
Hai pouca información	1,6	0,9	1,4	0,2
Prefire velo en televisión, vídeo, PC, Internet	16,2	10,4	6,0	5,5
Resúltalle difícil saír da casa	7,6	9,3	6,1	3,0
Resúltalle difícil de entender	0,5	0,4	0,6	0,2
Non ten tempo	19,3	26,5	26,8	13,7
Non ten interese	16,6	13,1	17,6	18,8
Non ten con quen ir	3,7	2,2	3,9	1,2
Problemas de accesibilidade física ao recinto	-	-	3,8	1,2
Motivos vinculados á COVID	-	-	-	35,9

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Debido á irrupción excepcional do factor sanitario, non resulta posible facer unha análise da evolución dos motivos de non-asistencia ao cine. Se se ten en conta a tendencia entre 2010 e 2019, a falta de tempo era o motivo que máis claramente ascendía ao longo do período (9 puntos porcentuais no caso de España e 7,5 puntos no caso de Galicia). No resto dos casos a tendencia era a un estancamento ou unha lenta diminución.

#### **Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao cine na súa infancia (2018-2022)**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Un 75% da poboación galega enquisada en 2021-2022 asegura que asistiu ao cine na súa infancia (tres puntos porcentuais máis que no bienio 2018-

2019). Esa porcentaxe distribúese entre un 40% de persoas que respondeu que foi de xeito ocasional na súa infancia (2,6 puntos por riba do bienio 2018-2019) e ao redor dun 35% que acudía frecuentemente, índice practicamente idéntico ao período anterior. No total de España a porcentaxe das persoas que ían ao cine na infancia supera en case 6 puntos ás da comunidade galega, sobre todo entre as que van ocasionalmente (case 11 puntos porcentuais máis).

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao cine na súa infancia. España-Galicia (2018-2022)**

	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>		
Total	78,4	80,9
Frecuentemente	32,7	29,6
Ocasionalmente	45,8	51,3
Non asistiron ao cine na súa infancia	21,6	19,1
<i>Galicia</i>		
Total	72,0	75,0
Frecuentemente	34,2	34,6
Ocasionalmente	37,8	40,4
Non asistiron ao cine na súa infancia	28,0	25,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

En 2021-2022, ningún dos proxenitores dun 58,5% da poboación galega fora ao cine, resultado practicamente similar ao obtido en 2018-2019 (ao redor de medio punto menos). Esta porcentaxe é superior á da media estatal, que se sitúa nun 44,3% en 2021-2022 e nun 48,4% no bienio anterior. Deste xeito, como se pode comprobar na seguinte táboa, no conxunto de España é maior o índice de persoas cuxos proxenitores foron ao cine que o dos que non foron, ao contrario do que acontece en Galicia.

**Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao cine dos seus pais. España-Galicia (2018-2022)**

	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>		
Total	51,6	55,7
Frecuentemente	14,5	11,8
Ocasionalmente	37,1	43,8
Ningún dos seus pais asistiu ao cine	48,4	44,3
<i>Galicia</i>		
Total	40,9	41,5
Frecuentemente	13,4	12,3
Ocasionalmente	27,5	29,2
Ningún dos seus pais asistiu ao cine	59,1	58,5

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

A porcentaxe de persoas que foron ao cine cos seus fillos menores de deza-  
oito anos descende sensiblemente no último bienio de estudo, tanto en  
Galicia (21,1 puntos porcentuais menos) como no total España (14,6 pun-  
tos), especialmente no indicador de maior frecuencia, que se reduce máis  
da metade na comunidade galega (dun 50,5% en 2018-2019 a un 21,3% en  
2021-2022) e 19 puntos porcentuais na media estatal (dun 42,1% que ía ao  
cine cos seus fillos menores de dezaioito anos en 2018-2019 a un 23,1% no  
último bienio). Esta diminución está claramente influída pola crise sanita-  
ria da COVID-19.

**Evolución da porcentaxe de persoas con fillos menores de dezaioito anos segundo a asistencia ao cine con eles. España-Galicia (2018-2022)**

	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>		
Total	88,0	73,4
Frecuentemente	42,1	23,1
Ocasionalmente	45,9	50,3
Non asistiron ao cine cos seus fillos	12,0	26,6
<i>Galicia</i>		
Total	84,3	63,2
Frecuentemente	50,5	21,3
Ocasionalmente	33,9	41,9
Non asistiron ao cine cos seus fillos	15,7	36,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Máis dun 60% da poboación galega (69,2% no total de España) que vai ao cine ten pais e nais que tamén ían, sobre todo ocasionalmente. A evolu-  
ción foi positiva entre os bienios 2018-2019 e 2021-2022, cun aumento de  
2,4 puntos en Galicia e de 6 puntos no conxunto estatal.


**Evolución da porcentaxe de persoas que asistiron ao cine no último ano segundo a realización desta práctica por parte dos seus pais. España-Galicia (2018-2022)**

	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>		
Total	63,2	69,2
Frecuentemente	19,1	16,5
Ocasionalmente	44,1	52,7
Ningún dos seus pais asistía ao cine	36,8	30,8
<i>Galicia</i>		
Total	57,9	60,3
Frecuentemente	21,1	13,8
Ocasionalmente	36,9	46,5
Ningún dos seus pais asistía ao cine	42,1	39,7

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

A práctica máis habitual entre a poboación segue a ser ver a televisión (un 88,9% en Galicia e un 86% no total de España). Con todo, como se pode ver na seguinte gráfica, prodúcese unha tendencia á baixa entre 2010 e 2022, cun decrecemento neste período de case 8 puntos porcentuais na comunidade galega e de practicamente 11 puntos no conxunto estatal, aínda que no último bienio o descenso en Galicia moderouse en relación coa media do Estado (1,6 puntos fronte a 5,2 respectivamente).

**Evolución da porcentaxe de persoas que acostuman ver a televisión. España-Galicia (2010-2022)**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Por último, a fotografía é a actividade artística vinculada ao campo do audiovisual máis practicada tanto na comunidade galega como no conxunto estatal. En termos xerais, todas as actividades artísticas vinculadas ao ámbito audiovisual amosan unha tendencia positiva entre 2010 e 2018 en Galicia: a práctica de fotografía case se duplica, pois pasa dun 18% a un 30%. No caso da realización de vídeos artísticos, o aumento resulta aínda máis significativo, xa que case se triplica a súa práctica (dun 6% a case un 17%).

Coa aparición da COVID-19, os datos do bienio 2021-2022 experimentaron unha significativa diminución que probablemente terá un carácter puntual debido á excepcionalidade da situación. En concreto, a práctica de fotografía perdeu case un 40% de peso e un 37% a realización de vídeos. O

descenso foi máis acusado en España, cunha diminución de máis dun 50% na actividade fotográfica e de case un 60% na actividade de vídeo.

**Evolución da porcentaxe de persoas que realizaron actividades artísticas vinculadas ao ámbito audiovisual no último ano. España-Galicia (2010-2022)**

	2010-2011	2014-2015	2018-2019	2021-2022
<i>España</i>				
Facer fotografía	29,1	28,9	28,8	13,1
Facer vídeo	12,8	15,0	16,7	7,1
Outras audiovisuais	1,9	2,5	3,1	1,3
<i>Galicia</i>				
Facer fotografía	17,7	30,4	29,7	18,1
Facer vídeo	6,3	15,2	16,7	10,5
Outras audiovisuais	1,0	3,1	1,5	1,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

## 9. Conclusións

En Galicia traballan directamente no sector audiovisual 2.610 persoas, o que supón un 4,2% do total da forza laboral xerada por estas actividades en España. O emprego concéntrase nas actividades de produción cinematográfica e de vídeo (41,2%) e nas de programación e emisión de televisión (37,1%). O peso da televisión no emprego galego é algo maior que no conxunto de España e de Europa pola influencia da TVG.

Dous de cada dez traballadores do audiovisual galego son autónomos, pero cunha distribución moi irregular: mentres que na televisión case todos son traballadores por conta allea, nas actividades de posproducción ou distribución son maioría os que traballan por conta propia.

O emprego creceu de maneira importante nos últimos dez anos, especialmente a partir de 2018. A produción cinematográfica e a posproducción audiovisual incrementaron o emprego en máis do dobre. As actividades televisivas, as de exhibición de cine e as de distribución de contidos audiovisuais tiveron unha evolución moito máis estable.

Malia que as distintas fontes manexadas non debuxan unha situación inequívoca, a maioría de indicadores económicos analizados, tomados en conxunto, presentan unha evolución positiva no últimos dez anos. Os ingresos da explotación do audiovisual incrementáronse na orde dun 65% e o activo das empresas un 27%.

.....

En calquera caso, os datos amosan que o audiovisual se atopa nun ciclo expansivo, con indicadores que apuntan a que se superou a crise sanitaria de 2020 e 2021 en moitos dos ámbitos que o compoñen.

Esta expansión hai que entendela nun contexto positivo xeral. De feito, o incremento do emprego foi aínda maior no conxunto de España, polo que na práctica Galicia perdeu influencia. En termos de ingresos, o peso do sector galego é bastante menor que o do emprego, xa que se sitúa ao redor dun 1%, en gran medida polo peso das grandes corporacións de televisión estatais.

De feito, o audiovisual é un sector que tende a concentrarse xeograficamente; así, se a nivel estatal as provincias de Madrid e Barcelona suman máis da metade das empresas e do emprego, en Galicia a actividade condénsase na provincia da Coruña (un 64,6% das empresas).

A expansión da actividade coincide cun momento de profundos cambios. Os soportes de vídeo, que en 2010 estaban presentes en preto dun 80% dos fogares galegos, foron desaparecendo en favor da integración de redes e dispositivos dixitais, que permiten un consumo á carta en calquera lugar e momento. Desaparecen o VHS e o DVD e centralízase no móbil a reprodución de vídeo (un 84,6% da poboación), ao tempo que se substitúen rapidamente os vellos televisores por televisións intelixentes.

Realmente, a práctica de consumo audiovisual máis estendida segue a ser a de ver a televisión (88,9%), aínda que cunha perda de case un 8% de espectadores dende 2010. O incremento da oferta provoca que as audiencias se dispersen: en 2022 só Antena 3 e Telecinco tiveron en España máis dun 10% de audiencia. En Galicia, a televisión autonómica é segunda máis vista (un 11,5% de cota de pantalla), só superada por Antena 3. Trátase dun caso particular, cunha porcentaxe por riba da media das televisións rexionais e só superada por TV3 en Cataluña. No caso de Galicia esta fortaleza é tamén relevante polo feito de que a CRTVG desempeña un importante papel de apoio ao sector audiovisual en xeral.

Como é sabido, a irrupción dos servizos de vídeo á carta e das plataformas de intercambio de vídeo tamén está mudando o hábito de consumo de audiovisual en xeral. En Europa, en 2022 unha cuarta parte da oferta comprende servizos deste tipo, que tenden a especializarse en pelí-

.....

culas e dramas televisivos, fronte á diversidade temática da oferta televisiva tradicional. O modelo máis popular é o de subscrición, seguido do alugueiro de produtos concretos, aos que máis recentemente se engaden os servizos de vídeos baixo demanda con publicidade. O primeiro tipo é o que máis medra e concéntrase en tres provedores estadounidenses: Netflix, Amazon Prime Video e Disney+. Malia que os servizos públicos tamén ofrecen en moitas ocasións vídeo baixo demanda, o seu nivel de popularidade é comparativamente escaso.

En Galicia, a penetración destes servizos é similar. En 2023 máis dun 82% da poboación vive en fogares que dispoñen dalgunha plataforma dixital. Entre a mocidade de doce a dezaseis anos a incidencia increméntase ata un 90%. Netflix tamén é a plataforma máis utilizada, con algo máis de dous terzos de subscritores, seguida de Amazon Prime Video, Movistar Plus+ e Disney+. Case a metade das persoas que usan estes servizos ten dúas ou tres subscricións. Como é sabido, o incremento do uso destes produtos foi moi importante nos últimos anos.

Esta expansión coincidiu en parte cos anos da pandemia, que tivo unha incidencia moi importante na asistencia ao cine en salas. En 2022 foron 2,5 millóns de espectadores aos cines galegos, un 40% máis que en 2021 e máis do dobre que no ano 2020, pero lonxe dos 4,2 millóns de 2019. Como é lóxico, a recadación reflicte unha tendencia similar, pero por agora non descende o número de salas de exhibición. Ademais da incidencia da crise sanitaria, en Galicia detéctase algo menos de interese polo cine que no conxunto de España e, malia que unha razón pola que non se vai máis ás salas é o prezo da entrada, a realidade é que este apenas mudou en dez anos. Detectouse unha influencia importante dos hábitos da familia: téndese a consumir máis cinema cando se procede de familias en que este formaba parte da rutina de lecer.

En contraste, no relativo á produción cinematográfica galega, entre 2012 e 2022 produciuse un incremento dun 47% no número de empresas con actividade. Estas realizaron ou participaron na realización de 284 películas no mesmo período. Un dato ilustrativo é que en 2022 houbo o dobre de producións que en 2013. O xénero máis popular é o documental (28%), seguido polo drama (26%), a comedia, as películas de animación e o *thriller* (un 6,7% cada un). A maioría dos filmes (case un 89%) foron realizados

por unha única produtora, aínda que se observa unha tendencia ascendente no número de coproducións con empresas tanto españolas como estranxeiras. Os países cos que hai máis proxectos compartidos son Francia (un 30,2% das coproducións internacionais) e Portugal (un 18,6%). Pese a que máis dun 68% das empresas realizou só unha película durante este período de dez anos, vinte produtoras realizaron máis de tres películas e dúas superaron os dez proxectos rematados.

Este incremento na produción coincide, ademais, cunha maior difusión dos contidos. Mentres que en 2012 só dúas de cada tres longametraxes producidas en Galicia chegaran a exhibirse no circuío comercial de salas, en 2022 (aínda con datos provisionais, dado que hai películas pendentes de estrea) esa cifra sobe a case oito de cada dez. Nestes dez anos as películas con exhibición comercial foron vistas por algo máis de 7,1 millóns de espectadores e obtiveron unha recadación que superou os 43 millóns de euros. A evolución está moi marcada pola inclusión de películas con éxito comercial, polo que non se pode afirmar que exista unha tendencia regular. A difusión tamén podería verse favorecida polo incremento do número de festivais de cine galegos.

O número de proxectos audiovisuais desenvolvidos co apoio económico da AGADIC na última década evolucionou en xeral de xeito positivo. Se en 2012 se subvencionaron 18 proxectos, en 2022 foron 142. Na altura de xuño de 2023 contabilízanse 108. Un 40% das axudas está relacionado coa produción. A contía das axudas tende a incrementarse, pero de maneira irregular, impulsadas recentemente por circunstancias específicas, especialmente o programa Hub Audiovisual, que conta con fondos europeos.

A destacada presenza da TVG na televisión tradicional convértea nunha excelente plataforma de difusión de contidos en lingua galega. En contraste, nas principais plataformas de *streaming* de España, apenas un 0,5% da oferta corresponde a contidos en galego.

O cine producido en Galicia nos últimos dez anos contou con versións orixinais en quince linguas distintas. A lingua máis usada é o castelán (57,4%), mentres que o galego é a lingua orixinal de algo menos da metade das producións (42,3%). Malia que a maioría de producións en lingua galega na última década tiveron un éxito comercial en salas discreto, tamén apareceron títulos populares, como *As bestas*, *O que arde* ou *A praia*





*dos afogados*, entre outros. En conxunto, as vinte longametraxes máis famosas en lingua galega producidas nos últimos dez anos atraeron case 1,5 millóns de espectadores e máis de 8,8 millóns de euros de recadación no circuío comercial, sen contar a difusión en televisión ou plataformas. Así mesmo, obsérvase unha evolución positiva do número de películas en lingua galega na última década, que pasou de 9 filmes en 2013 a 23 en 2022.